

Almanaque Agrícola

ano
LVIII



Ano 2010
Ano Xacobeo



Torre de Hércules. A Coruña
Patrimonio Histórico da Humanidade.

syngenta

O funxicida cun nome que o di todo e ademais faino

¡Boa uva, bo viño!

Chega un funxicida que vai poñer as cousas no seu sitio, con licenza para actuar. O seu nome é Max, Quadris Max; e claro, cun nome así, a cousa promete. E ti preguntaraste ¿Poderá defender os meus viñedos de tantos perigos? Iso, ¡por suposto!, pero o máis importante de Max é a súa forza, **A SÚA DOBRE FORZA DE ACCIÓN**. Telo cerca será a mellor protección.

MAXimiza o teu viñado

Non encontrarás nada que funcione mellor ¡apostas uns viños?

Quadris
MAX

Dobre forza na súa dobre acción

syngenta

Índice

Rescatando anacos do noso pasado: "A sobreira"	4		
Rescatando un anaco da nosa cultura: "O oficio de Oleiro"	9		
Convocatoria novo certame: "Os zoqueiros"	20		
As nosas castes de vide: A variedade "Agudelo"	22		
Xaneiro	26	Santiago	38
Febreiro	28	Agosto	40
Marzo	30	Setembro	42
Abril	32	Outubro	44
Maio	34	Novembro	46
San Xoán	36	Nadal	48
Herbas medicinais	51		
Males da viña	56		
Consellos para os coidados da viña	58		
Tratamentos das froiteiras de carabuña	61		
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras	62		
Tratamentos de invernadoiros e hortas	64		
Tratamentos das patacas	66		
Tratamentos do millo e outros cereais	69		
Reciclaxe de lodos de depuradora como fertilizante	70		
Feiras gastronómicas	74		
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios	81		
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados	93		
Contos	96		
Disposicións legais de interese para Galicia	98		
Roedores e rodenticidas	103		
Enderezos dos nosos distribuidores principais	106		



Rescatando ANACOS DO NOSO pasado

ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS EN GALICIA

A SOBREIRA (*Quercus suber*)

Quercus era o nome romano dos carballos, en sentido amplo, e da súa madeira e de tódalas árbores que producen landras. E *suber* era a denominación romana para a sobreira.

A sobreira é unha árbore da familia das fagáceas, de crecemento bastante lento, que pode acadar 25 m de altura. O seu sistema radical é vigoroso, podendo afondar ata máis dun metro se as características do terreo o permiten. Tronco dereito, esvelto cando medra en masa, curto e groso se medra



Sobreira da igrexa do Santo Cristo da Lonía (Ourense).

illado, con casca primeiro lisa pero pronto cuberta de cortiza agrisada fendida lonxitudinalmente. A primeira cortiza que amosa a árbore recibe o nome de "bornizo", formándose despois de sacar o bornizo a cortiza secundaria, de cor exterior máis escura, finamente agretada en sentido lonxitudinal, fibrosa e algo lignificada. Os troncos e pólas acabados de descascar teñen primeiro unha cor amarelada, que adquire pronto tonalidade canela e máis tarde vermella escura. O bornizo pode chegar a ter 10-15 cm de espesor.

Adoita formarse a copa a unha altura baixa, 4-5 m, nas árbores illadas e podadas, e a uns 10 m cando medra en espesura e non se poda. No primeiro caso a copa é globosa, ampla e semiesférica, incluso con forma de parasol en exemplares vellos, mentres que no segundo se forman copas alongadas, obovadas, que se corresponden coa metade da altura da árbore aproximadamente. Xemas ovoides, romas, tomentosas, con escamas de cor parda avermellada. Ramiñas avermelladas, tomentosas.

As follas son simples, alternas, persistentes, con estípulas linear lanceoladas de cor ferruxinosa e pubescentes. Pecíolo curto (6-12 mm), lámina coriácea, de forma variable aínda que adoita ser redondeada, cóncava cando a miramos polo envés, de ápice agudo e base truncada, de 3-8 cm de lonxitude e 1,5-3 cm de anchura, cos bordos enteiros ou algo festonados, denticulado-espiñosos. A face é de cor verde escura e o envés está tapizado de tomento denso de cor branca. Nervación pinnada, moi marcada e en relevo na cara inferior das follas,

co nervio principal sinuoso e os secundarios formando un ángulo bastante pechado con el.

Flores unisexuais monoicas (masculinas e femininas no mesmo pé). As masculinas dispóñense en amentos ou gatillos nos brotes do ano, están protexidas por un perianto de 5-7 pezas enteiras, lanceoladas e pilosas e levan cinco ou seis estames coas anteras de ápice romo e piloso. As flores femininas, curtamente pediceladas, tamén adoitan situarse en brotes do ano, illadas ou en pequenos grupos, e amosan un perianto de seis pezas coroando un pistilo tricarpelar con ovario ínfero, están protexidas por un involucre de brácteas escamento. O período de floración é longo, especialmente en localidades de clima suave, comezando na primavera e prolongándose no verán.

Os froitos (landras) son aquenios polimorfos, alongados, coa punta vilosa, de cor verdosa primeiro e parda máis tarde, protexidos na súa base por unha cúpula con forma de campá, recuberta de escamas agrisadas, as da parte superior coa punta revolta e bicuda. Maduración anual, desenvolvéndose os froitos normalmente en tres etapas: setembro (landras noveis ou sanmigueleñas), as máis grandes, outubro-novembro (landras segundeiras) e xaneiro (landras tardías). En localidades de clima suave pódese alongar o período de floración ata o outono, madurando os froitos correspondentes a esta floración tardía no verán do seguinte ano. Frutifica con regularidade desde os 25-30 anos, aínda que nas boas estacións pode dar froitos desde os 10-12 anos. Adoita ser unha árbore veceira, pois aínda que frutifica tódolos anos só dá boas colleitas cada 2-3 anos. É unha especie endémica da rexión mediterránea occidental. Espállase por gran parte da España mediterránea, sendo máis abundante en Extremadura, Cataluña e no occidente de Andalucía. En Galicia non é moi abundosa, pero é frecuente nos vales de moitos ríos, como nos do Sil, Miño, Arnegó, Ullma, Tambre, Eume e Navia.

Especie silicícola, termófila e pouco xerófila, xa que require humidade ambiental. Prefire solos soltos, mellor de textura areosa, profundos, frescos, húmidos en profundidade pero que non se aneguen. Medra desde o nivel do mar ata os 1.000 m de altitude, aínda que en Galicia acostuma situarse en cotas baixas, no piso



colino. É unha árbore de temperamento bastante robusto. De adulta é esixente en luz, pero as plantas novas requiren protección e sombra durante os primeiros 4-5 anos. É bastante lonxeva, podendo superar os 500 anos de idade. En Galicia son frecuentes os exemplares monumentais varias veces centenarios. O Decreto da Xunta de Galicia que creou no ano 2007 o Catálogo de Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia incluíu no seu anexo catro sobreiras senlleiras:



Medición da sobreira da igrexa do Santo Cristo da Lonía: a 1,50 m. do solo, mide 6,80 m. de perímetro.

- **sobreira de Valboa** (Os Hórreos, A Estrada, Pontevedra).
- **sobreira do Pazo de Valiñas** (Vilar, A Estrada, Pontevedra).
- **sobreira do Cristo de Arriba** (Reboreda, Redondela, Pontevedra)
- **sobreira da Casa do Tristo** (Santiorenzo, Pobra de Brollón, Lugo).

O Comité de Árbores Senlleiras aprobou incluír no catálogo oficial outros exemplares monumentais desta especie, como a sobreira de Siador (A Saleta, Silleda, Pontevedra) e a sobreira da igrexa do Santo Cristo da Lonía (Ourense).

A súa madeira é dura, tenaz e pesada, de cor rosada e con fermoso veado, moi resistente á inmersión en auga, polo que é apreciada para a construción naval de baixura. Tamén se emprega en tonelería, carretería e carpintería e é un bo combustible, producindo un carbón vexetal de calidade. A casca baixo da cortiza é rica en taninos, polo que se utilizou nas industrias de curtido de peles. As landras teñen importancia na alimentación animal, especialmente nas “dehesas” de Salamanca, Estremadura e Andalucía occidental, nas que se cría o porco ibérico, con gran importancia económica. Nalgúns sobredos galegos poderíanse establecer ecosistemas similares con porcos celtas, raza porcina do país que se adapta moi ben ao réxime extensivo. Tamén foron consumidas polos humanos, sobre todo asadas, en tempos de penuria, pero son bastante adstrinxentes, con sabor amargo.

Pero o principal produto desta árbore é a cortiza. É de mellor calidade a das pólas, polo que adoita favorecerse a ramificación baixa mediante a poda. A boa cortiza é grosa, compacta e elástica, producíndoa os pés vellos que medran con lentitude en estacións de calidade deficiente, alongándose a quenda de descascado. En localidades de clima húmido e temperado, caso de Galicia, a produción é maior pero a calidade inferior. A quenda de descascado máis estendida é de 9 anos, aínda que se empregan quendas entre 8 e 12 anos.

Cando se retira a cortiza, as árbores son moi sensibles ao lume e aos ventos cálidos; por iso, cando se fai no verán esta operación, que require técnicas e

ferramentas axeitadas para non danar a capa xeratriz nin depreciar o produto, débense elixir días de néboa, con elevada humidade ambiental. Unha vez extraída a cortiza adoita cargarse con pedras para endereitala e ás veces afúmase para pechar os poros.

O uso tradicional da cortiza na apicultura para elaborar trobos foi desaparecendo ao espallarse o uso das colmeas modernas de alzas. Continúase empregando como elemento de construción dos nacementos ou beléns no Nadal e tamén en aparellos de pesca, flotadores, tapóns, diversos útiles de cociña, etc., aínda que nalgúns usos tradicionais sofre a competencia dos materiais plásticos. Con ela fabricanse aglomerados de cortiza que se destinan fundamentalmente ao revestimento de solos, teitos e paredes, pois son bos illantes térmicos e acústicos, aínda que tamén se utilizan na fabricación de calzado, de pezas decorativas, etc.

A sobreira é unha árbore de gran fermosura, polo seu porte señorial e o contraste de colorido entre a súa copa escura e as distintas tonalidades que amosan o tronco e as pólas entre descascados consecutivos, sendo moi valiosa a súa función ornamental e paisaxística. Tamén desempeñan estas árbores un importante papel protector, regulador do réxime hidrolóxico e de creación e conservación dos solos sobre os que se asentan.

No ano 1667, o naturalista inglés R. Hooke, descubriu na cortiza a estrutura celular dos seres vivos.

Conta Andrés Laguna que un preparado a base de cortiza queimada e aceite de loureiro é un bo tratamento capilar para fortalecer os cabelos.



Os bosques galegos de sobreiras (sobredos, sobreirais)

As árbores planifolias de follas perennes e duras -aciñeiras, sobreiras-, típicas de climas con certa aridez estival, están amplamente representadas na rexión florística mediterránea e alcanzan o dominio eurosiberiano. Nalgúns casos trátase de enclaves relictos que permaneceron desde períodos interglaciares ou posglaciares nos que o clima do norte de España era máis adecuado ás esixencias destas especies. Outras veces representan incursións de vexetación mediterránea cara ao territorio eurosiberiano, en áreas de transición ou en localidades de peculiares circunstancias climáticas, debido á especial fisiografía do terreo.


Estas árbores forman bosques esclerófilos -aciñeirais e sobredos ou sobreirais- que teñen en Galicia escasa importancia cuantitativa, pero son formacións de elevado valor ecolóxico, corolóxico e paisaxístico.

Algunhas comunidades eurosiberianas de sobreira subordináanse a algunhas carballeiras. Así, por exemplo, os sobredos do suroeste de Galicia, en altitudes baixas das concas do Miño, Arnego, Umia, Ulla e Tambre, adoitan relacionarse coas carballeiras de carballo común ou pedunculado (*Quercus robur*) con ximalbeira ou xarda (*Ruscus aculeatus*), comunidade vexetal na que se define unha subasociación caracterizada polo dominio da sobreira.

Polo val do Sil, na provincia ourensá, en altitudes inferiores a 500 m, penetra en Galicia un sobredo mediterráneo, que fitosociologicamente se liga á asociación da aciñeira (*Quercus ilex subsp. ballota*) cun piorno bicudo (*Genista hystrix*), como unha subasociación na que domina a sobreira, comunidade silicícola e termófila que amosa preferencia por instalarse orientada cara ao sur.

En Galicia consérvanse sobreirais notables, merecentes de protección e de formar parte do Catálogo de Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia, como son o sobreiral do Arnego (Agolada, Pontevedra) e o sobreiral de San Lourenzo (Lousame, A Coruña).

Nestes bosques, que seguramente foron espallados polo ser humano pola utilidade da cortiza, son frecuentes, ademais da sobreira, outras estirpes máis ou menos termófilas, como o érbedo (*Arbutus unedo*), cornabude (*Pistacia terebinthus*), labiérnago (*Phillyrea angustifolia*) ou lavanda (*Lavandula stoechas*). En xeral son formacións abertas e moi alteradas pola acción antrópica.





O OFICIO DE OLEIRO


Autor: Aníbal Cid Babarro

A OLERÍA

O oficio ancestral da olería é a arte de facer vasillas de barro cocido, olas, pucheiros, pratos, vasos, porróns, etc., feitos con arxila e logo cocidos, sen esmalte ou con verniz aplicado nunha soa fornada. Son olería os azulexos esmaltados das casas, así como tamén son os ladrillos, baldosas de barro sen esmalte fabricados industrialmente. Para estes derradeiros traballos adoptouse o nome de cerámica, a partir da tradución do inglés "ceramic" ou do grego "keramikos", que, sendo un termo moi amplo, perdeu boa parte do seu significado.

A terracota ten a súa orixe na tradución literal do italiano "terra cocida". É a arxila modelada e endurecida no forno, e emprégase tanto nas vaixelas como para esculturas e decoración arquitectónica.

Na cerámica baséanse os arqueólogos para datar os xacementos. Algúns tipos dan nome a culturas prehistóricas, como "Cerámica Cardial", que xurdiu no Neolítico, decorada con incisións feitas cunha cuncha do cardium edule, un berberecho; e a "Campaniforme", característica da idade dos metais, que debe o nome ao vaso en forma de campá.



Nomes das partes dunha peza de oleiro

UN POUCO DE HISTORIA

O traballo de maneira consciente coa arxila dátase por vez primeira no Paleolítico Superior, 25.000 anos a.C., polas esculturas de barro secas.

O barro xa foi empregado polo pobo persa para facer ladrillos para as casas na antiga Mesopotamia, alá polo ano 6.000 a.C. A civilización greco-romana foi a derradeira no seu uso, xa que os empregaron despois do século I a.C. Os gregos foron os inventores da Tella para cubrir os teitos. Os romanos melloraron o sistema co uso de tégulas e ímbrices.

Estrabón e Plinio atribuíron a invención da roda do oleiro a Anacarsis, que morreu preto de 550 a.C. Porén, Homero, pai da poesía grega, que viviu varios séculos antes, xa falaba dela nas súas obras.

Nas primeiras grandes civilizacións emprégase o barro para vasillas ou cerámica de transporte, facendo ánforas para conter e transportar líquidos, viño, aceite, resina, etc.

Co esmalte, mestura de arxila cocida en branco e auga, pódese facer a decoración de pintura ou de esgrafiado e queda lista para metela no forno para a súa cocción. É unha técnica moi antiga que se empregaba no terceiro milenio a.C. en Asia Menor, na actual Turquía, Iraq e Irán. Os gregos e romanos coñeceron esta forma de facer cerámica, que se espallou polo mundo islámico no século X, pero non chegou a Europa ata o século XIV.

O vidrado foi un invento chinés do século III a.C., que os romanos introduciron en Europa.

O ALFAREIRO NA BIBLIA

Foi tal a importancia do barro nos primeiros pobos sedentarios, que chegou a reflectirse na relixión, falando dun Deus oleiro que empregou a arxila para modelar o home, e, alén diso, cóntanos con detalle os pormenores do oficio: Abaneando a peneira, quedan os residuos. (Eclesiástico 27, 5). Cos seus brazos modela a arxila e cos pés abranda a dureza. (Eclesiástico 38, 33).

Amasa fatigosamente o barro, fabrica todo xénero de vasos para o noso uso, do mesmo barro modela vasos útiles para os servizos limpos e outros para usos contrarios; pero sobre cal ha de ser o destino de cada un, é xuíz o oleiro. (Sabedoria 15, 7).

Sentado á súa tarefa, dá voltas ao torno cos pés, ten sempre a preocupación da súa obra e de cumprir a tarefa fixada. (Eclesiástico 38, 32).

Baixei ata a casa do oleiro e estaba traballando no torno. Cando se estragaba entre as mans a vasilla que estaba facendo, tornaba a facer outra, segundo cumprise facelo aos ollos do oleiro. (Xeremías 18, 3-4).

Pon a súa atención en perfilar o vernizado, e desvélase por limpar o forno. (Eclesiástico 38, 34). O forno proba os vasos do oleiro. (Eclesiástico 27, 6).



Buño: Fernando Mourón



Bonxe: Josefa Lombao

AS OLERÍAS TRADICIONAIS

As referencias de "oleiros" son moi comúns e abarcan todo Galicia. No ano 1789 o Padre Frei Martiño Sarmiento dixo: "...se se pregunta a un galego por que se chaman Oleiros eses lugares?, dirán porque neles viven homes que fan olas. Transitei por seis ou sete lugares chamados Oleiros e en ningún atopei noticia de que fabricasen olas; e ao punto saltoume á imaxinación que se chaman Oleiros pola voz Ollarios, porque de antigo se colocaban naquel sitio as olas cinerarias, ao modo que se chaman osarios os sitios en que se deixan os ósos".

O presidente da "Asociación Galega de Artesáns" Manuel González Arias, dixo: "En concreto o oficio de oleiro estase perdendo, e só permanece puxante en **Buño** e **Niñodagaña**, mentres que en **Bonxe** só hai un obradoiro a cargo da filla do derradeiro oleiro Indalecio Lomba, xa xubilado, e en **Gundivós** sobrevive outro".

Buño sitúase no concello de Malpica (A Coruña) e destaca como o primeiro centro oleiro de Galicia por artesáns. Hoxe en día a "Asociación de Oleiros", que preside Antonio Pereira, conta con 21 membros. A súa olería data da prehistoria, coa elaboración de cacharros feitos á man. Nos séculos XVI e XVII foi a súa época dourada, cando fixeron as tubaxes vitrificadas para a conducción de auga da fonte do mercado da Coruña. Neste intre goza de grande prestixio con moitos artesáns novos que fan traballos exclusivos con modernos deseños. Conta con dous impor-

tantes museos: o “*Ecomuseo Forno do Forte*”, situado na que fora unha casa grande labrega que data do século XVIII-XIX. O seu propietario, ao trocar de vivenda, tivo o emprendemento de dividila en locais, que alugou aos oleiros. Para atraelos, construíu un cabanote (alpendre de grandes dimensións) e levantou un forno. Por outra parte está o “*Centro Comarcal Bergantiños*”, onde se acolle a colección de louza tradicional do doutor Luciano García Alén, que, con 300 pezas, é a maior e máis importante de Galicia.

O lugar de **Bonxe** pertence ao concello de Outeiro de Rei (Lugo). Neste enclave de olería tradicional houbo en tempos preto de 60 oleiros, un por cada fogar. Nos derradeiros tempos tan só conta con “*Pepa Bonxe*”, alcume de Josefa Lombao, que herdou o saber do seu pai Indalecio Lombao. É fundamental conservar a tradición.

Santiago de **Gundivós** pertence ao concello de Sober (Lugo). Aquí chegaron a traballar preto de 30 oleiros. Os romanos facían as ánforas para levar o viño de Amandi ata Roma, onde contribuíron a formar o Monte Testaccio, vertedoiro oficial controlado. Hoxe en día manteñen a tradición Tomás López e Elías González, bisneto de oleiro que fixo de reitoral un museo. Faltan novos artesáns, polo que é fundamental conservar o saber herdado. A súa olería é da máis primitiva, con pezas bañadas por dentro con “*pez*”, e curadas directamente no lume, acadando vasillas de cor escura ou denegrida, nun proceso moi custoso. Emprégase o “*torno baixo*”, impulsado coas mans, que, polo reducido, lle dá ao oleiro liberdade para cambiar o lugar de traballo.



Gundivós: Tomás López

Fornos antigos de Niñodaguaia



Niñodaguia pertence ao concello de Xunqueira de Espadanedo (Ourense). Sitúase preto dunha zona de moita tradición, onde se atopa o Alto do Couso en Esgos, e Lañoá e Tioira en Maceda. Conta cunha canteira de barro da que se subministran as grandes cerámicas de Xunqueira e da Manchica na Merca. Mediado o século XIX contaba con preto de 20 oleiros, que, nos comezos do século XX, foi medrando ata acadar os 100, entre oleiros e cacharreiros. Hoxe en día ten un referente en Agustín Vázquez e o seu fillo José, que manteñen viva a tradición local, sen esquecer a promoción. Foi unha ledicia atopar os seus cacharros na “XXXIV FeriAlfar Salamanca 2009”, un evento a nivel nacional.



Niñodaguia: Agustín Vázquez

O ARTESÁN OLEIRO

O oleiro é a persoa que elabora olería. As vasillas son todas funcionais, teñen un uso concreto e son empregadas nas casas de xeito cotián. Fai olas para auga, porróns, cazos para o leite, barreños, pucheiros para cocinar, potas, cazolas, xerras para o viño, cuncas, escudelas, fontes, pratos, etc. Tamén fai candís, tellas ou remates para os tellados. Todos son traballos moi estimados polos amantes da artesanía. Diferénciase do ceramista en que este continúa elaborando a peza engadindo esmaltes e outras técnicas que requiren dunha ou máis coccións ou queimados.

A tradición oleira transmítese de pais a fillos. Os obradoiros son de propiedade familiar e neles colaboran as mulleres no transporte de barro, das pezas para vidralas, para cocelas no forno e na venda polas feiras.

Había “tarefeiros” que traballaban para outros oleiros e facían tarefa diaria segundo a dificultade e o tamaño das pezas. A “obra”, conxunto de pezas dunha xornada de traballo, consistía en 8 potas grandes ou 14 medianas ou 24 pequenas; e os patróns pagaban unha peseta pola xornada de sol a sol, no ano 1930.

O bo oleiro tiña un pensamento obsesivo: “*Nin a masa do pan vai tan traballada coma o barro*”; e tres máximas na súa obra: que estivese “*ben feita*”, que “*non empene*” ou non torcese, e que “*teña boa caída*”, que non se inclinase, co peso compensado.

OS MATERIAIS

A arxila abunda na natureza, é un sedimento de partículas finas que é capaz de absorber ata o 70% do peso en auga, o cal a converte en dúctil e maleable. Foi o material máis importante para facer os obxectos, pois é doada de modelar simplemente coas mans, sen necesidade de ferramentas; logo, ao evaporárselle a auga, conserva as formas. O ser humano, nos primeiros intres, preparaba unha pasta que apertaba e lavaba para deixala decantar nun recipiente; logo, amasa e preme ata darlle forma, ou ben facía tiras que enrolaba en espiral. A arxila adquire solidez cunha diminución da masa, pola perda dun 10% de auga da súa plasticidade inicial. Cando está seca, ten aspecto terroso.

O barro é de dous tipos: *"mouro"* e *"branco"*. O mouro é de cor escura, ten máis *"liga"* e sempre hai que mesturalo para facelo doado de traballar; o branco é máis dócil, pódese empregar só, pero ten menos *"liga"*. A mestura faise polo xeral cunha parte de barro branco e media de mouro, obtendo un barro escuro que permite facer vasillas grandes, de forte resistencia e que se *"enfornan"* na parte baixa do forno para que saian máis ennegrecidas, o que supoñía maior estima. As vasillas de barro branco póñense na parte superior do forno e saen da cocción cunha cor máis clara, que supoñía maior finura.

O vidrado é unha capa feita a partir do verniz de chumbo. No proceso cóbrese a peza co po de óxido de chumbo e métese no forno a 750 °C. Entra en contacto o óxido co sílice da arxila, fúsióname e aparece na superficie unha película vidrosa transparente. Cando se mestura con outros óxidos, o resultado pode ter diferentes cores: amarelo ou marrón, con óxido de ferro; verde, con óxido de cobre; azul, con óxido de cobalto; púrpura, con óxido de manganeso. Na Idade Media, para acadar a cor púrpura, mesturaban arxila silíceo co bagazo do viño, e despois moían todo moi fino e engadían óxido de chumbo.

O verniz de chumbo ten unha dilatación maior ca a terracota, e poden aparecer pequenas fendas polas que pasan líquidos e provocar que se enrancien os alimentos coas sales de chumbo moi venenosas. No século XIX descóbrese unha forma de vidrado sen chumbo e sen perigo, o vidrado feldespático, que se empregou despois nas vaixelas.



Legón e cesto do barro



Mazo e pía de romper os terróns

AS FERRAMENTAS, TORNO E FORNO



Torno antigo de Tioira (Museo Devanceiros)

Xa se empregaba polo ano 5.000 a.C. no Antigo Exipto, Oriente Próximo e Asia. Nun principio era soamente un eixe vertical de madeira enterrado no chan, cunha roda ou prato que se facía xirar á velocidade necesaria para elaborar a peza. Pouco a pouco foi evolucionando e engadíuselle unha segunda roda inferior que facía xirar cun movemento do pé. Nos derradeiros tempos engadiuse un motor eléctrico que require menos esforzo e pericia, permitindo que xire a roda con diferentes velocidades segundo as necesidades.

O torno é un instrumento que consta das seguintes partes: "*sedeira*", onde se senta o oleiro; "*campo*" ou roda inferior, que move co pé esquerdo no senso contrario ás agullas do reloxo; "*poio ou traveseiro*" para apoiar o pé dereito; "*eixo*" para transmitir o movemento; a "*fondeira*" ou roda superior; e a "*sobrefondeira*", situada por riba da anterior e onde se pon o "*bolo*" ou "*pelouro*", cacho de barro de forma cónica para modelar a peza. Para facelo xirar, impúlsase co pé ou coa man do oleiro. Cando a peza require para o seu remate dunha asa ou bico, engadíranse despois do traballo do torno.

Unha vez rematada a peza, comeza o secado, no cal a arxila perde parte da auga. Logo, cócese nun forno que pouco a pouco chega ata 1.400 °C de temperatura. A masa vólvese máis dura e compacta, máis resistente e amplíase a gama de cores e texturas. Rematada a cocción, déixase arrefriar devagar.

O forno esta formado por un corpo inferior dunha "*cámara*" ampla pechada, cunha "*boca*" ou porta resgardada do vento pola cal se mete leña, toxos e carpazas. Enriba ten unha "*grade*" con buratos por onde ascende a calor. No

As ferramentas son instrumentos sinxelos construídos polo propio oleiro, con materiais fáciles de atopar: canas, panos, arames, gomas, plumas; e ante todo as súas propias mans, que atesouran delicadeza e séculos de sabedoría.

O traballo do oleiro no torno require dunha grande habilidade técnica para producir moitas pezas case idénticas en pouco tempo. O torno facilita este traballo e axuda na perfección e remate das pezas.



Torno baixo de Gundivós



Cámara de enfiar e grade do forno

corpo superior é onde se pousan as vasillas para cocelas, tapándoas con cachos de vasillas doutras coccións.

O "enfiador" comeza por "temperar" con lume lento para que non rompan as vasillas. Para "cocer as olas", métese combustible durante catro horas, sacando o "brasil", as brasas para cubrir a bóveda e tapala con leña miúda. Cando o lume é chameante, tápase a bóveda con terróns, para "abafar o lume",

deixando un burato para, unha hora antes de rematar a cocción, botar unhas presas de sal grosa co fin de que as pezas saian avermelladas.

PROCESO DE ELABORACIÓN

A "obra", dende a procura do barro ata que sae para a venda, pasa polas seguintes fases:

1. Extracción da arxila, co legón, cavando no pozo ou barreiro.
2. Transporte do barro nos cestos ata a piado obradoiro.
3. Rompedura dos terróns co pisón ou mazo de carballo.
4. Mesturanza das arxilas e eliminación das pedras.
5. Peneirado da arxila na bacía.
6. Humidificación do barro, botándolle auga
7. Gramadura do barro, amasándoo igual ca o pan.
8. Paso do pelouro ao taboleiro do torno.
9. Modelado do pelouro na sobrefondeira.
10. Secado ao aire da "obra" da xornada.
11. Proceso do vidrado e a cocción no forno.
12. Embalaxe, almacenaxe e traslado á venda.



Facendo a orella coa cana

No eido da olería industrial contou Galicia con iniciativas de primeiro nivel e que no seu intre foron referencia nacional.

Cerámica de Sargadelos. A finais do século XVIII, Antonio Raimundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos, coa protección en Madrid de Manuel Godoy, primeiro ministro de Carlos IV, foi quen de erguer en Sargadelos, no concello de Cervo (Lugo), a primeira siderurxia de España, e de asegurar a súa viabilidade no ano 1794 cun contrato do Estado para producir municións.

A cerámica, labor polo que hoxe coñecemos Sargadelos, xurdiu no ano 1806, coa inauguración da fábrica de louza. No ano 1845 foi alugada por Luís de la Riva de Santiago de Compostela, quen fai investimentos en novas instalacións e contrata expertos ceramistas estranxeiros, dando comezo á época dourada. No ano 1849 dispuña de catro fornos distintos, trinta estufas, muíños, nove talleres, oito prensas e traballaban na fábrica máis de 1.000 familias, cunha produción de máis de 100 fornadas de louza. No ano 1873 a familia Ibáñez faise coa xestión de novo, e as perdas xunto cos preitos familiares levaron ao peche de Sargadelos como empresa no ano 1875.

Cerámicas do Castro. Cerámicas do Castro é a nova Sargadelos. Comeza a súa actividade no ano 1949, en Somoedo, no concello de Sada (A Coruña). Nela vólvese a producir cerámica de calidade coa colaboración de artistas como Laxeiro, Virxilio e do arxentino Goldstein. A memoria de Sargadelos foi recuperada no ano 1963 polo "*Laboratorio de Formas*", proxecto cultural de Isaac Díaz Pardo, xurdido no exilio de Bos Aires co apoio de Luís Seoane e de intelectuais galegos exiliados. Cerámicas do Castro e o Laboratorio de Formas asinan un convenio para a creación do Museo Carlos Maside, Edicións do Castro e outras institucións ideadas para traballar na recuperación da memoria histórica de Galicia.

Cerámica Celta . Cerámica Celta, a Caleira, fundada por Ramón Diéguez Carles, comeza a súa actividade no ano 1925 no concello de Pontecesures (Pontevedra). Introduce a técnica innovadora do vidro no ano 1926. Despois do comezo difícil, conta co apoio de importantes artistas como Castelao, Asorei, Acuña, Maside, Torres, etc., converténdose nunha especie de Universidade Plástica Galega. Hoxe en día continúa co labor a neta do fundador, Fina Diéguez.

Santa Clara. Fabrica vaixelas de porcelana. Foi fundada polo ourensán Manuel Álvarez no ano 1922 en Vigo (Pontevedra). En 1941 traslada as instalacións a Cabral e en 1961 inaugura **Pontesa** en Arcade. Con Moisés Álvarez, fillo do fundador, acada a época dourada, converténdose no Grupo de Empresas Alvarez, **GEA**, que acadou os 3.500 empregados no ano 1975, cando finou. Herdado polos netos, vai á ruína e, así, no ano 1976, pasa ao **INI** e por moitas outras mans, decaendo ata o peche total no ano 2001. As vaixelas estaban elaboradas con materiais de alta calidade, atraentes decorados e refinadas cores de cobalto, ouro e prata. A Casa Real dispón no Palacio de Oriente dunha destas exclusivas vaixelas, que empregan nas recepcións oficiais e compromisos do Estado.

PRODUTOS CERÁMICOS ELABORADOS

A louza é a terracota esmaltada ou vernizada de pasta fina, porosa, absorbente e opaca, composta de arxilas brancas mesturadas con terras silíceas. Segundo sexa a clase de arxila, así será a cor despois de cocida, cando acada una gran dureza e resistencia.

Na Península Ibérica foi famosa a olería “Nazari”, unha técnica importada do Oriente no século X, e que no ano 1310 os “Moriscos” levaron a Manises en Valencia, onde se fixo famosa esta louza pola súa perfección e moi solicitada pola aristocracia europea.

Os ceramistas gregos traballaron influenciados polas civilizacións do antigo Exipto e Mesopotamia, crearon os “Skyphos” recipientes con belas formas que cubriron de debuxos que narraban a vida e costumes da súa época. A estética grega foi herdada pola antiga Roma e Bizancio, que a propagaron ata o Extremo Oriente, uníndose despois ás artes islámicas, das que aprenderon os chineses o emprego da cor azul do cobalto.

O gres diferénciase da cerámica convencional en que a mestura de compoñentes faise nun “proceso húmido” en muíños de bólas. A suspensión resultante chámase “barbotina” e contén ata un 30% de auga. A produción do gres comeza no século XII na Alemaña, e non se difunde polo resto de Europa ata o século XIV. A louza moderna data do século XVII e provén de Inglaterra.

A técnica do baleirado é a máis apropiada para a produción industrial en serie. A arxila líquida vértese nun molde de xeso, que permite un lixeiro endurecemento ao absorber o molde unha parte da auga de arxila que queda en contacto con el; logo, sácase a peza do molde, corríxense as imperfeccións que poida ter e déixase secar ao aire libre.

O FOLCLORE: REFRÁNS E DITOS

REFRÁNS

- ☞ Oficio nobre e bizarro, / entre todos o primeiro, / porque na industria do barro, / Deus o primeiro oleiro / e o home o primeiro cacharro.
- ☞ Non te cases cos oleiros / que os hai na miña terra; / os oleiros son de barro, / de barro fainos calquera.
- ☞ Casa comigo, Rosiña, / mira que son cacharreiro, / durmirás en boa cama / e sempre terás diñeiro.
- ☞ Miña nai por me casare, / ofreceume o cu dun pote; / e agora que me casei, / deume con el no cocote.
- ☞ Inda que che somos de Buño / e nin todos somos oleiros; / tamén as xentes de Noia, / nin todos son zapateiros.
- ☞ Ao pasar por Gundivós / o primeiro que se ve / son as olas a secar / e os fornos a cocer.

DITOS

- ~ Bo é ter diñeiro e casa con pote, tixola e pucheiro.
- ~ Se o cántaro bate na pedra, mal para o cántaro e non para ela.
- ~ Cada oleiro gaba o seu pucheiro.
- ~ Cada pucheira quere a súa tapadeira.
- ~ Non te burles do oleiro, que da terra fai diñeiro.

ADIVIÑAS

- ~ Teño asa pero non pitorro, non obstante a xente gustosa, acércame o morro. (A cunca).
- ~ Tormento de cazola que tanto a desconsola: facer o guisado, queimarse por guisalo, e despois nin comelo nin probalo.

COLOQUIO EN MIL DUASCENTAS COPLAS GALEGAS

(Recollidas nunha viaxe por Galicia no ano 1745, polo Padre Frei Martiño Sarmiento)

Coplas 26-27-28

- ~ Na Vila é costume / depois que a coñezco / que os sábados todos / do ano e arreo se faga un mercado / mercado e vendendo / mil cousas de uso / con moito comercio de olas, de potas / de asados, pucheiros, / de pratos, cazolas, / pícheles e petos.

Coplas 674-675-676

- ~ Nuns baldes moi anchos / anque moi lixeiros, / que eran de cortiza, / embreados drento estaban uns xarros, / olas ou pucheiros, / garrafas ou sellas, / frascos ou botexos, pícheles ou cántaros / non sei cales deles, / só sein que eran todos, / pouco máis ou menos.

POESÍA DA MULLER OLEIRA, de Lola Faya, oleira de Buño.

- ~ Mulleres na roda / no Buño de agora.
- ~ Mulleres gramando / o barro de sempre.
- ~ Mulleres falándolle ó campo / e as mans no cacho mollándo.
- ~ Mulleres apretando o pelouro / e o peito de orgullo inflando.
- ~ Mulleres subindo a vía / e a cana rematando.
- ~ Mulleres co pano na man / e os bordes alisando.
- ~ Mulleres listando / e o aramio a carón xa pasando.
- ~ Mulleres cas olas nas mans / e na tabla pousando.
- ~ Mulleres vidrando / Mulleres tizando
- ~ Mulleres cocendo / Mulleres Cobrando.



TEMA: OS ZOQUEIROS

SYNGENTA AGRO, continuando coa tradición deste **Almanaque** de rescatar un anaco da nosa cultura, establece para este ano un novo "Certame", dotado cun PREMIO DE 600 EUROS ao mellor traballo sobre o tema "Os zoqueiros". O traballo gañador publicárase na próxima edición do "ALMANAQUE AGRÍCOLA ZZ".

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e empregados da Compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a SYNGENTA AGRO, referencia "CONCURSO" a A Relva s/n 36400 O Porriño (Pontevedra), antes do 30 de setembro de 2010. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregalos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no **idioma galego normativo**, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, disquete, ...). Admitiranse traballos electrónicos, que serán enviados á ligazón Syngentaagro.es, e deberán versar sobre os seguintes aspectos:

- Historia dos zoqueiros en Galicia. Presente e futuro.
- Comarcas de Galicia de reputada tradición no oficio.
- Características propias dos produtos elaborados.
- O artesan zoqueiro. Materiais empregados. Máquinas e ferramentas. Esquemas e gráficos.
- O proceso de elaboración dos zocos dende a selección de madeiras e materiais ata o produto final.
- Refrás, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos ao oficio.

Nota: no apartado gráfico valoráranse especialmente debuxos ou gráficos inéditos. Non se admitirán fotografías baixadas de internet.

- 4) O Xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de Outubro do 2010.

KARATE[®] CON TECNOLOGÍA ZEON[®]

Eficacia en microesferas

Alta tecnología nunha formulación para o control de pragas en múltiples cultivos.


TECNOLOGÍA ZEON

- Rápida acción.
- Excelente persistencia.
- Eficacia contrastada.
- Baixo risco ecotoxicolóxico.
- Versátil.
- Compatible.



syngenta

As novas Castes de Vide



A variedade "Agudelo"

1. Introducción:

Variedade representativa da fermosa viticultura de Betanzos. Do mesmo xeito que noutras zonas vitícolas galegas, a reconstrución posfiloxérica foi levada a cabo nesta bisbarra con encepamentos de ámbito mediterráneo (Palomino - Xerez en brancas e Garnacha Tintorera - Alacante Bouschet en tintas) e con híbridos produtores directos (H.P.D.).

Non obstante, da revisión da documentación histórica e das propias características das variedades dedúcese o cultivo tradicional de Agudelo (erroneamente confundido con Godello) e Branca Lexítima en brancas, así como o Serradelo (Brancellao) e Roibal (María Ordoña, Merenzao, Bastardo, Pecho, Carnaz ou Domingo Pérez) en tintas. De máis recente introdución e en todo caso anterior ao século XX é a mencia.

2. Ampelografía:

Folla adulta: variedade de folla mediana, entre pentagonal e orbicular, enteira (ás veces con tres lóbulos), de cor verde medio, cunha moi feble pigmentación antociánica sobre os nervios principais (no punto peciolar sobre todo). Ten os bordos lixeiramente cara á face, con inchazón media deste. Os dentes son de lado convexos, bastantes longos e medianamente largos. O seo peciolar ten os lóbulos lixeiramente superpostos en forma de V. Os seos laterais superiores, cando aparecen, son



en forma de U. Lixeira presenza de pelos deitados no envés e sobre os nervios. Face glabra. Peciolo curto, máis que o nervio central.

Acio: mediano, moi curto, compacto, con pedúnculo curto e fortemente lignificado.

Baga: pequena, de lonxitude media e tamaño uniforme. Sección circular e forma elíptica curta. Cor verde-amarelo uniforme, con pruína media e pel grosa. Embigo aparente, polpa non coloreada, zumaarenta, branda e sabor neutro. Peditelo moi curto de difícil separación. Pebidas medianas.




3. Características agronómicas:

Variedade de desborre temperán a medio e maduración temperá. Vigor forte e producións moderadas de ata 10.000 kg / ha. Adáptase moi ben a podas curtas. Sensibilidade media á mera e oídio e media - alta á botrite.

4. Características enolóxicas:

Viños amarelo-verdellos, con aromas de intensidade media e connotacións a froita de pebida. Estrutura en boca robusta e ben equilibrada, con sensación de volume. Persistencia en posgusto. Reminiscencia a froita madura. Excepcional na mestura con Branca Lexítima estando esta nunha proporción do 20 - 25%.



iboa uva, bo viño!



**Que, ao final,
o que de verdade importa
é a calidade**

SWITCH[®]

Máis protección. Máis eficacia.

syngenta[®]








O TEMPO

O tempo polo xeral será frío e desapacible; pero pode ser moi cambiante, pois mentres nas comarcas do norte será máis chuvioso, polo sur teremos días máis secos, anubrados e poida que con nevaradas que serán máis fortes no interior. Tempo de estar preto dun bo lume e degustar os chourizos. Tamén é tempo de podar a eito, pero non os días de xeadas.

"Non lle fagas mal a quen non o merece, mais non lle fagas ben a quen non o agradece"

"A agulla de calcetar, só é boa para o que a sabe manexar"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos e media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	13,3	5	9,1	16	113,8
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	11,8	4,3	7,8	18	225,8
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	10,7	2,2	6,1	12	87,2
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	13,2	7,1	10,2	15	105
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	9,7	3,9	6,9	11	98,7
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	12,3	4,4	7,8	11	92,6
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	11,4	1,7	6,2	15	121
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	13,5	7,3	10,5	12	152,6

1 V. **Nai de Deus.** S. María.
1953. *Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.*

2 S. Ss. Basilio; Gregorio.

3 D. S. Xenoveva.

4 L. Ss. Iolando; Rigoberto.
1882. *Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.*
1922. *Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).*
1977. *Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.*

5 M. S. Emilia.
1976. *Créase o Consello de Forzas Políticas.*

6 M. **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**
Ss. Wilma; Melanio.

7 X. S. Raimundo.
1950. *Morre Castelao en Bos Aires.*


Cuarto Minguante

8 V. Ss. Luciano; Eladio.
1979. *Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.*

9 S. S. Lucrecia.

10 D. **Bautismo do Señor.**
S. Gonzalo.

11 L. S. Alexandre.
1533. *A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.*
1859. *Nace en Carballo Alfredo Brañas.*

12 M. S. Xulián.
1912. *Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.*

13 M. S. Hilario.

14 X. S. Félix.

15 V. Ss. Raquel; Amaro.


Lúa Nova

16 S. S. Marcelo.

17 D. Ss. Antón Abade; Guido.

18 L. Ss. Prisca - Priscila.

19 M. S. Mario.

20 M. Ss. Sebastián; Fabián.
1765. *Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.*

21 X. S. Inés.

22 V. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 S. S. Virxinia.


Cuarto Crecente

24 D. S. Francisco de Sales.

25 L. S. Elvira.

26 M. Ss. Timoteo; Tito; Guimara; Ansurio; Viliúlfo.

27 M. Ss. Ánxela Merici.

28 X. S. Tomé de Aquino.
1731. *Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.*
1902. *Nace o pintor Urbano Lugrís.*

29 V. S. Valerio.
1899. *Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.*
1930. *Morre o poeta Manoel Antonio.*

30 S. S. Martiña.
1886. *Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.*


Lúa Chea

31 D. **Domingo de Septuaxésima**
Ss. Xoán Bosco; Marcela.
1809. *Ocupación de Vigo polas tropas francesas.*
1820. *Nace en Ferrol Concepción Arenal.*

Febreiro








O TEMPO

Seguirá un tempo semellante ao mes anterior, pero máis chuvioso e tamén ventoso, con algunhas nevaradas na montaña. Xa na segunda quincena do mes pode vir un tempo máis quedo con algúns días de sol agarimoso polo medio do día, pero con xeadas polas noites.

Convén neste mes non esquecerse de facer un tratamento de inverno cun produto de cobre nas froiteiras en xeral, pero especialmente nas de carabuña.

*"A chuvia no febreiro fai bo paleiro"
"A castaña e o besugo, en febreiro están en zugo"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos e media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	14,4	3,7	8,8	9	77,8
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	14,7	4	7,8	8	104,7
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	12,4	1,5	6,3	10	67,5
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	13,3	6,2	9,8	10	89
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	12,8	4,9	8,4	6	50,6
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	15,8	3,9	9	7	62,7
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	13	0,7	6,3	7	70,4
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	14,7	7	10,6	10	73,5

1 L. S. Severiano.

2 M. S. Candeloria. Presentación do Señor.

3 M. Ss. Brais; Óscar; Francisco Blanco.
1807. Nace en Ferrol o pintor Pérez Villamil.

4 X. S. Xilberte.
1135. Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).
1864. Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.
1893. Morre en Vigo Concepción Arenal.

5 V. S. Ádega.



6 S. Ss. Doris; Paulo Miki.

7 D. S. Gastón.
1876. Primeiro número da publicación O Tío Marcos da Portela, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.

8 L. Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.
1835. Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.

9 M. S. Rebeca.

10 M. S. Escolástica.
1810. Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.
1890. Naufraxio do buque inglés The Serpent ó carón do Cabo Vilán.

11 X. Nosa Señora de Lurdes.
1885. Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.

12 V. S. Pamela.

13 S. S. Beatriz.

14 D. Ss. Cirilo; Valentín.



Lúa Nova

15 L. Ss. Fausto; Xurxa.
1765. Sae á rúa o xornal La Región.
1944. Constitución do Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento.

16 M. **Martes de Entroido**
S. Samuel.

17 M. **Mércores de Cinza.**
S. Aleixo.

18 X. S. Bernarda.

19 V. S. Álvaro.
1949. Fundación de Cerámicas do Castro.

20 S. S. Clodio.

21 D. **Primeiro Domingo de Coresma.** S. Severiano.
1900. Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.

22 L. Ss. Eleonora, Nora.



23 M. S. Florencio.
1908. Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".

24 M. Ss. Rubén; Serxio.
1837. Nace en Santiago Rosalía De Castro.
1985. Comeza a emitir a Radio Galega.

25 X. Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio.
1861. Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.

26 V. S. Augusto.

27 S. S. Leandro.

28 D. S. Román.
1981. Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunqueiro.



Lúa Chea

Marzo









O TEMPO

Despois dun período ventoso e chuvioso virá outro de tempo morno e soleado por algúns días, que semellará unha primavera adiantada; pero, unha vez rematado este tempo, volverán as chuvias con treboadas e pode que tamén con sarabia.

Tempo de facer limpeza de herbas en viñedos, froiteiras, hortas e camiños botando unha man de herbicida.

*"Na casa do ferreiro coitelo de pan, e na do carpinteiro sentarse no chao"
"Lúa nova con treboada, trinta días de mollada"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	 Estación de recollida de datos e media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	16,3	5,6	10,8	12	124,9
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	17,2	5,6	9,2	12	220,1
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	15	4	9	13	89,8
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	15,1	7,8	11,4	14	94,4
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	14,5	5,1	9,1	6	40,6
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	17,8	6,3	11,6	7	56,4
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	15,4	2,5	8,5	8	100,6
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	16	8,6	12,3	10	112,6

1 L. S. Rosendo.
1493. Arribada da caravela *La Pinta* ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.

2 M. S. Lucio.
1886. Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.

3 M. S. Celidonio.

4 X. Ss. Ariel; Capitón.
1889. Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey.
1936. Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.

5 V. S. Olivia.
1888. Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.

6 S. S. Elcira.
1856. Banquete intelectual de Conxo, con Ponal e Aurelio Aguirre.

7 D. Ss. Perpetua; Felicidade.
1908. Morre en Cuba o escritor Curros Enriquez.
1909. Nace en Santiago Xosé M^a Castroviejo.



8 L. S. Xoán de Deus.
1917. Morre na Coruña Eduardo Ponal.

9 M. S. Francisca Romana.
1695. Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.

10 M. S. Macario.
1944. Edítase en Bos Aires Sempre en Galiza de Castelao.
1965. Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".

11 X. S. Eulolio.

12 V. S. Norma.

13 S. S. Rodrigo.

14 D. S. Matilde.

15 L. S. Luísa de Marillac.



16 M. S. Heriberto.

17 M. S. Patricio.
1960. Morre en Madrid o pintor Álvarez De Sotomayor.

18 X. S. Cirilo.
1897. Nace en Pontecesures o pintor Carlos Maside.

19 V. S. Xosé.
1847. Fúndase o "Círculo de Artesanos" a prol do desenvolvemento cultural de Galicia.

20 S. S. Alexandra.
Comenzo da primavera 1886. Nace en Mugardos o pintor Felipe Bello.

21 D. S. Uxía.
1874. Nace na Coruña o músico Andrés Gaos.

22 L. S. Lea.
1992. Morte do poeta Antón Aviles De Taramancos.

23 M. S. Dimas.



24 M. Ss. Elba; Catarina de Suecia.

25 X. S. Anunciación.
1990. Morre en Santiago Ricardo Carvalho Calero.

26 V. S. Braulio.
1930. Pacto de Lestrove.

27 S. S. Ruperto.

28 D. Domingo de Ramos S. Octavio.
1809. Os exércitos de Morillo e Cachamuña liberan Vigo dos Franceses.
1966. Morre en Lalín o astrónomo Ramón M^a Aller.




29 L. S. Gladys.

30 M. S. Artemio.



31 M. Ss. Benxamín; Balbina.
1901. Nace en Pontearreas o escritor Fermín Bouza Brey.








O TEMPO

Medran os días, melloran as temperaturas, pero aínda con risco de xeadas nalgunhas bisbarras; os días anubrados e chuviosos serán máis que os enxoiros e limpos. En chegando preto do final do mes, o tempo debe mellorar e será xa o momento de facer o primeiro tratamento das viñas nas comarcas da beiramar. Tempo tamén de preparar as hortas e rematar a plantación das patacas.

*"Abril se por mal quere vir, non deixa nin as portas abrir"
"A auga en abril enche o carro e mailo barril"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	16,9	6,3	11,6	12	96,6
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	15,3	6,2	10,4	13	157,7
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	16,5	4,9	10,2	11	72,6
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	15,4	8,5	12	10	83,7
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	16,6	6,1	10,7	12	69,1
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	20,3	8	13,6	11	72,7
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	16,3	3,4	9,6	12	95,5
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	17,5	10,3	13,7	12	105,9

1 X. **Xoves Santo.** S. Hugo.
1188. Inauguración do "Pórtico da Gloria" da Catedral de Santiago.
1844. Comeza en Lugo a "Revolución Progresista Galega".
1917. Sae á rúa o xornal El Ideal Gallego.

2 V. **Venres Santo.** Ss. Xandra; Francisco de Paula.

3 S. **Sábado Santo.** S. Ricardo.
1841. Nace en Santiago o escultor Isidoro Brocos.

4 D. **Domingo de Pascua.** S. Isidoro.
1284. Morte de Afonso X o Sabio, creador das Cantigas de Santa María.

5 L. S. Vicente Ferrer.
1889. Nace en Lugo o pintor Jesús Rodríguez Corredoira.
1896. Nace en Ourense o galeguista Ben-Cho-Shey.
1897. Morre na Coruña Francisco de la Iglesia, autor da letra da famosa Alborada de Pascual Veiga.
1902. Nace en Pontevedra o pintor Arturo Souto.
1979. Morre na Coruña Luís Seoane.
1926. Xoaquín Loriga inicia o voo Madrid-Manila.

6 M. S. Edith.



7 M. S. Xoán Bautista da Salle.
1963. Créase a Fundación Penzol en Vigo.

8 X. S. Constanza.

9 V. S. Demetrio.
1842. Nace o compositor Pascual Veiga en Mondoñedo, autor do Himno Galego.

10 S. S. Ezequiel.
1874. Nace na Coruña o pintor Francisco Lloréns.
1976. Morre en Ourense Ramón Otero Pedrayo.

11 D. **Domingo de Cuasimodo - As Pascuíñas.** S. Estanislao.

12 L. Ss. Arnaldo; Xulio.
1888. O químico Antonio Casares e Rodrigo falece en Compostela.

13 M. Ss. Martiño; Aída.
1840. Nace en Lugo Juan Montes Capón, un dos mellores músicos galegos de todos os tempos.

14 M. S. Máximo.



15 X. S. Crescente.

16 V. S. Flavio.

17 S. Ss. Leopoldo; Aniceto.

18 D. S. Vladimir.
1978. Constitúese a Xunta de Galicia.

19 L. S. Enma.

20 M. S. Edgardo.

21 M. S. Anselmo.



22 X. Ss. Karina; Señoriña.

23 V. S. Xurxo.

24 S. S. Fidel.

25 D. S. Marcos.
1734. Nace na Coruña José Andrés Cornide Saavedra.
1974. Revolución dos Caraveis en Portugal.

26 L. Ss. Cleto; Marcelino.
1846. Mártires de Carral: fusilamento do coronel Solís e os seus compañeiros do alzamento contra o goberno absolutista de Narváez.

27 M. Ss. Zita; Toribio de Mogrovejo.

28 M. S. Valeria.



29 X. S. Catarina de Siena.

30 V. Ss. Amador; Pío V.
1963. Falece en Ourense Vicente Risco.

Maio









O TEMPO

Segundo o mes vai avanzando, o tempo vai mellorando; pero aínda habemos de ter polo menos uns quince días de chuvias, algúns deles con ventos lixeiros e fríos. Xa cara ao final falaremos dun maio florido e agradable. Tempo de moita laboura na preparación das hortas e nas viñas, que no deberán deixarse de sulfatar cada doce ou quince días.

*"A sardiña en maio, xa pinga no borrallo"
"Gasta en pan e viño o que vas deixar ao sobriño"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	 Estación de recollida de datos e media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	19,3	8,7	14	11	83,5
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	20	8,5	12,7	12	98,4
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	19,4	7,5	13	10	63,2
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	17,3	10,6	14	12	82,2
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	18,8	8,3	12,9	12	61,7
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	22,7	10,6	16,3	11	64,4
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	19,2	5,4	12,4	11	73
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	19,5	12,2	15,6	9	70,4

1 S. S. Xosé Obreiro.
1880. Nace a primeira publicación periódica de Galicia: El Catón Compostelano.

2 D. Ss. Anastasio; Boris.
1988. Morte do escritor Ben-Cho-Shey en Madrid.

3 L. S. Santa Cruz.

4 M. S. Filipe e Santiago.
1907. Fúndase o Centro Gallego de Bos Aires.

5 M. S. Xudit.

6 X. S. Eleordo.



7 V. S. Domitila.

8 S. S. Segundo.

9 D. S. Isaías.

10 L. S. Antonio/a.

11 M. S. Estela.

12 M. Ss. Pancracio; Nereo.

13 X. **Ascensión do Señor.**
Nosa Señora de Fátima.

14 V. S. Matías.
1589. O pirata Drake asedia a cidade da Coruña.



15 S. S. Isidro.

16 D. Ss. Honorato; Eufrasio.
1984. Constitúese a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

17 L. S. Pascual Bailón.
1833. Nace Manuel Murguía en Arteixo.
1863. Edítase en Vigo a primeira edición de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro.
1963. A Real Academia Galega institúe o Día das Letras Galegas.

18 M. Ss. Enriqueta; Corina.
1916. Créase na Coruña as Irmandades dos Amigos da Fala.
1970. Fúndase o Museo Maside de Arte Contemporánea en Sada.

19 M. Ss. Yvo; Yvone.

20 X. S. Bernardino de Siena.



21 V. Ss. Constantino; Trocado.

22 S. Ss. Rita; Quiteria.

23 D. **Domingo de Pentecostes.**
S. Desiderio.

24 L. Ss. Marta Auxiliadora; Susana.

25 M. Ss. Beda; Gregorio.

26 M. S. Mariana.
1898. Nace en Soutelo de Montes Avelino Cachafeiro Bugallo, considerado o mellor gaitero de Galicia.

27 X. Ss. Emilio; Agostiño de Cantorbery.



28 V. S. Xermán.

29 S. Ss. Maximiano; Hilda.

30 D. **Santísima Trindade**
Ss. Fernando / Hernán; Xoana de Arco; Lorena.

31 L. S. Visitación.
1915. Nace Ramón Piñeira na Lán cara.

San Xoán



O TEMPO






Algo fresquiño no primeiro, máis adiante poden vir uns días de calor tola que durarán pouco, para seguir días anubrados e algunha chuva.

Pasado o San Xoán, o tempo pode mellorar con ceos claros e axeitados ao mes. Xa é tempo de colleitar os chícharos e as patacas novas nas terras preto da beiramar.

*"Á aunga de correr, aos cans de ladrar e á xente de falar,
non os podes privar"*

"En caso de dúbida, muller a viúva"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	22,8	11,9	17,4	6	37,3
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	22,2	12	16,3	7	64,2
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	23,9	11,5	17	6	37,9
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	19,7	13,7	16,8	7	44,5
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	22,7	11,3	16,2	4	28,7
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	26,7	14,1	20	5	36,7
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	23,8	9,3	16,6	5	34,7
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	22,8	15,4	18,7	6	69,9

1 M. Ss. Xustino; *Pedro Vázquez*.
1910. Nace *Luís Seoane* en *Bos Aires*.

2 M. Ss. Marcelino; Erasmo.

3 X. **Santísimo Corpus Christi.**
S. Maximiliano.
1876. Nace en *Cambados Ramón Cabanillas*.
1903. Nace *Alexandre Bóveda* en *Ourense*.

4 V. S. Frida.



Cuarto
Minguante

5 S. Ss. Bonifacio; Salvador.

6 D. S. Noberto.

7 L. S. Clodio.
1809. *Batalla de Pontesampaio* contra as tropas francesas de *Ney* na que interveu tamén o “*Batallón Literario de Santiago*”.

8 M. S. Armando.

9 M. S. Efrén.

10 X. S. Paulina.
1909. Nace o poeta *Aquilino Iglesias Alvariño* en *Abadín*.
1958. Falece o pintor *Carlos Maside* en *Compostela*.

11 V. Ss. Bernabeu; Trinidad.

12 S. S. Onofre.
1874. Nace en *Vigo* o músico e escritor *Teodosio Vesteiro Torres*.



Lúa
Nova

13 D. S. Antón.

14 L. S. Eliseo.
1987. Publícase o primeiro número do “*Atlántico Diario*”.

15 M. Ss. Leonidas, Manuela.

16 M. S. Aurelio.

17 X. S. Ismael.

18 V. S. Salomón.

19 S. S. Romualdo.



Cuarto
Crecente

20 D. S. Florentino.

21 L. Ss. Raúl; Rodolfo; Luís Gonzaga.

Comenzo
do
verán

22 M. Ss. Paulino de Nola; Tomé Moro.

23 M. S. Marcial.

24 X. S. Xoán Bautista.
1891. *Xogos Florais do Idioma Galego* en *Tui*, con intervencións de *Murguía*, *Brañas* e o bispo *Lago González*.

25 V. Ss. Guillermo; *Tramunda*.

26 S. Ss. *Paio*; *Xoán Tersón*.



Lúa
Chea

27 D. S. Cirilo.

28 L. S. Ireneo.
1936. *Aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia*.

29 M. S. Pedro e Pulo.

30 M. S. Adolfo.

Santiago









O TEMPO

A calor vai a máis segundo corre o mes. Algúns días anubrados traerán un agarimoso fresquiño e poida que rematen con chuvia miúda nas comarcas da costa norte, para deseguida continuar con tempo quente e seco; pero en chegando o apóstolo, ou antes ou despois falaremos de treboadas con auga só por algunhas bisbarras. Risco de lume nos montes.

"Á casa da tía tía non vaias cada día; á da tía cuñada máis ben nada"

"O viño quitado, bebelo ou tiralo"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	 Estación de recollida de datos e media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	23,6	12,8	18,3	6	48,5
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	22	12,7	17	9	51,9
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	24,5	12,4	17,9	4	27,9
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	21,7	15	18,5	5	47,2
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	25,8	11,9	17,4	5	28,9
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	28,3	15,1	21,4	1	27,6
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	24,4	9,8	17,2	4	27
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	23,7	16,1	19,5	6	50,2

1 X. S. Ester.
1824. Nace en Vigo o mariño Méndez Núñez.
1920. Morre na Habana Ramón Armada, fundador de A Gaita Galega, a primeira publicación en galego na América.

2 V. S. Gloria.
1861. Celébranse na Coruña os 1^{os} Xogos Florales de Galicia. As súas creacións literarias serán publicados no libro Álbum de la Caridad en 1862.

3 S. S. Tomé.
1528. Constitúese en Compostela o Reino de Galicia.

4 D. Ss. Sabela; Eliana; Liliana.



5 L. Ss. Antón-María; Berta.

6 M. S. María Goretti.

7 M. S. Fermín.

8 X. S. Uxío.
1923. Anxel Casal promove a creación das Escolas do Ensino Galego, ofrecidas polas Irmandades da Fala.
1983. Fúndase o Consello da Cultura Galega.

9 V. S. Verónica.

10 S. Ss. Elías; Xoán Xacobo Fernández.

11 D. S. Bieito.



12 L. S. Filomena.
1900. Nace en Rianxo o poeta Manoel Antonio.
1906. Morre o compositor galego Pascual Veiga, autor do Himno de Galicia ou a Alborada Gallega.

13 M. Ss. Henrique; Xoel.

14 M. S. Camilo de Leis.

15 X. Ss. Boaventura; Xulio.
1885. Morre Rosalía de Castro en Padrón.

16 V. S. Carme.

17 S. S. Carolina.

18 D. S. Federico.



19 L. S. Arsenio.
1989. Morre o etnógrafo e historiador Xaquín Lorenzo (Xocas).

20 M. Ss. Mariña; Xosé M^a Díaz.
1979. Apróbese o decreto polo que o galego pasa a formar parte do sistema educativo galego.

21 M. S. Daniel.

22 X. S. María Madalena.

23 V. S. Brixida.

24 S. S. Cristina.
1985. Primeira emisión da Televisión de Galicia.
1967. Morre o galeguista Lois Peña Novo.

25 D. Santiago Apóstolo.
813. Descuberta a tumba do apóstolo Santiago polo bispo de Iria Teodomiro.
1965. O xesuíta Xaime Seixas celebra en Compostela a primeira misa en galego.

26 L. Ss. Xoaquín; Ana.



27 M. S. Natalia.


28 M. S. Celso.

29 X. S. Marta.

30 V. S. Abdón e Senén.
1881. Nace en Vigo o xornal La Propaganda, creado por Ricardo Mella para a defensa e ilustración da clase obreira.

31 S. S. Ignacio de Loyola.

Agosto



O TEMPO






Mes de moita festa en todas as comarcas, pero o tempo seguirá de segura con moitos días neboentos, principalmente nas bisbarras da beiramar. Os anubrados serán de nubes altas pero sen apenas auga, soamente cando se formen

treboadas estas serán das que veñen e van durante uns días e poida que descarguen algo de auga que será moi ben vida para a boa maduración da vendima; pero, se as uvas se queren coller limpas, han de procurarse uns vinte días antes do final para facer os tratamentos do acio contra a podre da uva.

"Auga en agosto, nin bo nabo nin bo magosto"

"A lama no agosto e o vento en abril Deus nos libre dil"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	24,5	12,9	18,6	7	47,8
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	24	13	17,2	7	73,1
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	25,3	12,6	18,1	5	37,1
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	22,5	15,6	19	8	41,7
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	25,8	12,6	18,3	3	9,3
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	29	15,1	21,5	3	14,3
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	25,4	10	17,5	5	43,4
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	24,5	16,7	20,1	4	44,5

1 D. S. Alfonso María de Ligorio.
1878. Sae á rúa o primeiro número do xornal El Correo Gallego.

2 L. S. Eusebio.

3 M. S. Lidia.



4 M. S. Xoán María Vianney.

5 X. Ss. Osvaldo; Neves.

6 V. **Transfiguración do Noso Señor.**

7 S. Ss. Sixto; Caetano.

8 D. S. Domingos de Guzmán.

9 L. S. Xusto.

10 M. S. Lourenzo.



11 M. S. Clara de Asís.
1903. Nace en Lugo o escritor Ánxel Fole.

12 X. S. Laura.

13 V. S. Víctor.

14 S. S. Alfredo.

15 D. **Asunción da Virxe María.**

16 L. Ss. Roque; Xema.



17 M. S. Xacinto.
1908. Sae á rúa o primeiro número de El Progreso de Lugo.
1936. Alexandre Bóveda é fusilado na Caeira (Pontevedra).

18 M. Ss. Helena, Leticia.

19 X. S. Mariano.

20 V. S. Bernardo.

21 S. S. Pio X.

22 D. S. María Raiña.

23 L. S. Rosa de Lima.

24 M. S. Bartolomeu.



25 M. Ss. Luís (rei); Xosé Calasanz;
Pedro Vázquez.

26 X. Ss. Tareixa de Xesús; César.
1990. Morre o galeguista Ramón Piñeiro.

27 V. S. Mónica.

28 S. S. Agostiño.

29 D. Ss. Xoán Bautista; Sabina.

30 L. Ss. Donato; Ero.
1879. Créase o Centro Gallego de Montevideo.

31 M. S. Ramón.
1979. Morre en Vigo o escritor Celso Emilio Ferreiro.

Setembro








O TEMPO

Ao principio, setembro pode resultar un verancho axeitado, con días asollados e quentes polo mediodía e fresquiño polas noites; pero este tempo non será moi duradeiro, pois en chegando ao medio do mes ou algo máis tarde, pode visitarnos unha baixa con varios días de chuvias miúdas. É tempo de vendima, pero non vendimes mollado nin uvas podres. Acórdate de recoller a leña para o inverno.

"O viño e o vinagre irmáns son, pero un vai á misa e o outro non"
"O viño fai rir, fai durmir e as cores saír"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	23,8	11	17	6	51,6
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	22,6	11,4	16	5	86,9
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	23,4	10,3	15,9	5	49,8
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	21,1	13,8	17,3	6	55,7
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	23,8	11,7	16,9	3	32,9
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	27,1	13,1	19,3	5	45,8
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	23,8	8,1	15,4	6	53,1
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	23,1	15	18,5	4	46,9

1 M. S. Arturo.



2 X. S. Moisés.

3 V. S. Gregorio Magno.

4 S. S. Irma.
1906. Morre o poeta Valentín Lamas Carvajal.

5 D. S. Victorino.

6 L. Ss. Eva; Evelyne.

7 M. S. Rexina.

8 M. Natividade da Virxe.
1897. Nace en Ourense o escritor Eduardo Blanco Amor.



9 X. Ss. Serxio e Omar; Remedios.

10 V. Ss. Nicolás de Tolentino;
Adalberto; Pedro de Mezonzo.

11 S. Ss. Orlando; Roldán.

12 D. S. María.

13 L. S. Xoán Crisóstomo.
1898. Morre en Pontevedra o galeguista Ramón Martínez López.

14 M. S. Imelda.

15 M. Nosa Señora das Dores.
1851. Nace en Celanova o escritor Cúrros Enríquez.



16 X. S. Cibrán.

17 V. S. Roberto.

18 S. S. Xosé de Cupertino.

19 D. S. Xenaro.

20 L. S. Amelia.

21 M. S. Mateu.

22 M. S. Mauricio.

23 X. Ss. Lino e Tegra.
1895. Nace en Lalín o aviador Xoaquín Loriga, o primeiro da aviación en Galicia.



24 V. Nosa Señora do Carne.

25 S. S. Aurelio.
1110. Afonso Raimúndez é proclamado rei de Galicia polo arcebispo Xelmírez.

26 D. Ss. Cosme e Damián.

27 L. S. Vicente de Paúl.

28 M. S. Wenceslao.

29 M. Ss. Miguel; Gabriel e Rafael.

30 X. S. Xerónimo.

Outubro









O TEMPO

Despois duns días ventosos, anubrados e borrascosos teremos un intervalo de días con solciño, para despois do San Froilán deixar paso a unhas fronteiras de chuvascos que durarán varios días. Nos días enxoiitos debemos aproveitar para colleitar as froitas do tarde e tamén comezar coas noces e castañas.

*"O viño de cepa vella e torta, aínda ben non o bebo e xa non vexo a porta"
"A castaña que está no camiño é do veciño"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	 Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	19,7	9,7	14,5	15	188,8
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	19,1	9,6	13,2	13	297,7
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	18,7	8,2	12,7	13	145,3
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	19,3	12,1	15,5	13	149
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	18,6	9,6	13,6	6	67
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	22	10,7	15,5	11	102
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	18,4	6,7	12,1	12	204,2
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	19,8	12,5	16,1	11	170,9

1 V

S. Tareixa do Neno Xesús.
1884. O escritor *Vicente Risco* nace en Ourense.



Cuarto Minguante

2 S.

S. Anxos Custodios
1881. Nace en Viveiro o galeguista *Antón Vilar Ponte*.

3 D.

S. Xerardo.
1914. Nace en Silleda Ramón De Valenzuela .

4 L.

S. Francisco de Asís.

5 M.

Ss. Flor; Froilán.

6 M.

S. Bruno.
1923. Morre *Andrés Martínez Salazar*, transcribiu a *Crónica Troyana*.

7 X.

Nosa Señora do Rosario.



Lúa Nova

8 V.

Nosa Señora de Begonia.
1676. Fr. *Benito Jerónimo Feijoo* nace en Casdemiro (*Pereiro de Aguiar*).

9 S.

S. Dionisio.

10 D.

S. Francisco de Borja.
1974. Creación do Museo do Traxe Galego.

11 L.

S. Soidade.

12 M.

Nosa Señora do Pilar.

13 M.

S. Eduardo.

14 X.

S. Calisto.



Cuarto Crecente

15 V.

S. Tareixa de Ávila.
1702. Entra na ría de Vigo a escuadra que transporta 108 millóns de pezas de ouro e prata, o famoso tesouro de Rande.

16 S.

S. Eduvixes.
1881. O músico *Marcial De Adalid* morre na Coruña.

17 D.

S. Margarida Mª de Alacoque.

18 L.

S. Lucas.

19 M.

Ss. Paulo da Cruz; Renato.
1869. Nace en Mondoñedo o escritor *Noriega Varela* .

20 M.

S. Irene.
1929. O compositor *Reveriano Soutullo* estrea o pasodobre *Ponteareas*.

21 X.

S. Úrsula.
1886. Nace o filósofo *Xoán Vicente Víqueira*.

22 V.

S. Sara.

23 S.

S. Remixio.
1923. Fundación do Seminario De Estudos Galegos.



Lúa Chea

24 D.

Ss. Antón Mª Claret; Paderna.

25 L.

S. Olga.
1854. Nace en Mondoñedo *Manuel Leiras Pulpeiro*.

26 M.

S. Darío.

27 M.

S. Gustavo.

28 X.

Ss. Simón; Xudas.

29 V.

S. Narciso.
1977. Inauguración do Museo Do Pobo Galego .


30 S.

S. Alonso.
1920. Aparece o primeiro número en Ourense da revista "NÓS".




Cuarto Minguante

31 D.

S. Lucía.
 Cambio horario (atrasarase o reloxo 1h)

Novembro








O TEMPO

A friaxe e a humidade serán a faciana do mes con moitos días anubrados e algúns deles con chuvias abundantes. Cando os ventos cambien máis do norte, xa falaremos de neves nas

montañas. Tempo de destilar as augardentes, acomodar os viños nas adegas e comezar as laboruas das viñas e das froiteiras.

"O viño e o amigo, mellor canto máis antigo"
"Na cuba, o viño tinto apertado e o branco folgado"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	15,7	6,1	10,7	12	143,3
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	13,7	6,5	9,8	12	177,3
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	13	4,2	8	12	102,4
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	15,2	8,8	12	12	133,8
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	12,9	5,8	8,9	9	79,4
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	15,7	6,4	10,4	12	104,5
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	14	3,1	8	11	135,8
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	16,3	8,9	12,8	12	209,2

1 L. Todos os Santos.
1567. Nace en Baiona Diego Sarmiento De Acuña, Conde de Gondomar.
1849. Nace en Ourense o escritor Valentín Lamas Carvajal.

2 M. Todos os Fieis Defuntos.

3 M. S. Martiño de Porres.
1853. Sae á rúa o primeiro número de Faro De Vigo.

4 X. S. Carlos Borromeo.

5 V. S. Silvia.

6 S. S. Leonardo.



Lúa
Nova

7 D. Ernesto.

8 L. S. Ninfa.

9 M. S. Teodoro.
1959. Nace en Cambados o escritor Ramón Cabanillas.

10 M. S. León Magno.

11 X. S. Martiño de Tours.

12 V. S. Cristián.

13 S. S. Diego.
2002. Afundimento do petroleiro Prestige fronte ás costas galegas.



Cuarto
Crecente

14 D. S. Humberto.
1738. Nace en Noia o escultor Xosé Ferreiro .
1886. Nace en Ourense o investigador Florentino López Cuevillas.
1916. Sae á rúa o primeiro número da publicación galeguista "A Nosa Terra".

15 L. S. Alberte Magno.
1944. Créase en Montevideo o Consello De Galiza.

16 M. Ss. Margarida; Xertrude.
1877. Nace en Ourense o músico Francisco Santalices.

17 M. S. Sabela de Hungría.
1918. 1ª Asemblea en Lugo das Irmandades Da Fala.

18 X. S. Elsa.

19 V. Ss. André; Avelino.

20 S. S. Edmundo.

21 D. S. Presentación da Virxe.



Lúa
Chea

22 L. Ss. Cecidia; Xoán de Pontevedra.

23 M. S. Clemente.
1879. Reunión de creación do Centro Galego Na Habana.

24 M. S. Flora.

25 X. S. Catarina Labouré.

26 V. S. Delfina.

27 S. Ss. Virxilio; Facundo; Primitivo.

28 D. Primeiro Domingo do Advento. S. Branca.



Cuarto
Minguante

29 L. S. Saturnino.

30 M. S. André.
1232. Consagración da Catedral De Tui.
1833. As sete Provincias Galegas do antigo reino de Galicia pasan a ser as catro actuais.








O TEMPO

Tempo anubrado e frío sen moita auga, pero no por iso han de faltar algúns días de solciño con ventos lixeiros do norte e nordés que xa contra o final do mes han de rematar con máis nubes e neve que chegará preto das comarcas da beiramar. Tempo de comezar coas podas de videiras e árbores, facer as labours fondas e preparar a matanza para así ter viandas dispoñibles nas festas da fin de ano.

*"Nin ola sen tonciño, nin xantar sen viño"
"O que a súa viña non bima, tamponco vendima"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2009)	13,8	4,4	8,6	12	133,4
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	13,6	4,8	8	15	201,7
Lugo	Campus Lugo (2000-2009)	10,4	1,5	5,3	11	91,2
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2009)	13,4	6,9	10	10	90,9
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2009)	9,9	3,7	6,6	11	67,1
	Ourense-Ciencias (2005-2009)	12	3,5	7	9	76,6
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2009)	11,8	1,4	6	13	141,7
	Corón-V. de Arousa (2002-2009)	14,1	7,7	10,9	13	141,6

1 M. S. Florencia.
1979. O escritor Eduardo Blanco Amor morre en Vigo.

2 X. S. Viviana.

3 V. S. Francisco Xabier.

4 S. Ss. Xoán Damaceno; Bárbara.
1967. Fundación de Edicións Do Castro.

5 D. S. Ada.



Lúa Nova

6 L. S. Nicolás.
1931. Fundación en Pontevedra do Partido Galeguista .

7 M. S. Ambrosio.

8 M. Inmaculada Concepción.

9 X. S. Jéssica.
1617. Cangas foi saqueada polos turcos.

10 V. Nosa Señora de Loreto. S. Eulalia.

11 S. S. Dámaso.

12 D. Nosa Señora de Guadalupe.
1925. O Pazo de Castrelos é doado a Vigo por Quiñones de León.

13 L. S. Lucía.



Cuarto Crecente

14 M. S. Xoán da Cruz.
1895. Nace en Betanzos o músico José Rodríguez Arriola.

15 M. S. Reinaldo.

16 X. S. Alicia.
1811. Nace en Pontevedra o escritor Xoán Manuel Pintos.
1884. Nace en Vilanova de Arousa o escritor Julio Camba.

17 V. S. Lázaro.
1900. Nace en Laxe o investigador e xeólogo Isidro Parga Pondal.
1932. Redacción do 1º Estatuto de Galicia.

18 S. S. Sonia.
1895. Nace en Lugo o escritor Luís Pimentel.

19 D. S. Urbano.
1981. Constitución do Parlamento De Galicia.

20 L. Ss. Abrahán; Isaac; Xacobe.
1907. O Himno Galego estréase no Gran Teatro da Habana.

21 M. Ss. Pedro Canisio; Aldara.
1121. Entrega de Dona Urraca a Xelmírez das Torres do Oeste.
1980. Referendo do Estatuto De Autonomía.

22 M. S. Fabiola.
1884. Nace en Ourense o escritor Antón Losada Diéguez.
1896. Primeira proba da luz eléctrica en Vigo.
1911. Nace en Mondoñedo Álvaro Cunqueiro.

23 X. S. Victoria.
1973. Morre en Vigo o pintor Urbano Lugrís.

24 V. S. Adela.

25 S. **Natividade do Noso Señor.**
Noel; Noelia.

26 D. S. Estevo.

27 L. S. Xoán.

28 M. S. Santos Inocentes.


Cuarto Minguante

29 M. Ss. Tomé Becket; David.

30 X. S. Roxelio.

31 V. S. Silvestre; Fránquila.



COBRE SUPER Plus

Sulfato preventivo e curativo
axeitado para os viñedos
de Galicia

CON MAGNESIO

O sulfato
anti-mildeu para:

- Viñedos
- Patacas
- Tomateiras





Queiro de herbas medicinais

Sanguiño *Frangula alnus* Miller
Cast. Arraclán, Avellanillo.
Sin. Sangubiño, Sangumio, Sanguño.

Descrición

Arbusto de 1 a 6 m de talle, lampo, con talos e ramiños de cor parda avermellada con numerosas lenticelas de cor abrancazada. Follas alternas, ovaladas, con pecíolo moi curto, caducas, de cor verde brillante pola face e polo envés, con bordo enteiro e nervación moi marcada.

As flores agrúpanse en inflorescencias umbeliformes axilares, de 2 a 10 flores pequenas, pouco vistosas, hermafroditas e pentámeras. Cáliz de 5 sépalos libres, de cor verdosa. Corola de 5 pétalos libres, abrancazados, ovais, máis cativos ca os sépalos. Androceo de 5 estames. Ovario súpero con estilo simple.

Froito en drupa con 2-3 endocarpos -nuculanio-, de 6 a 8 mm de diámetro e de cor vermella que ennegrece ao madurar.

Florece na primavera, podendo alongarse a floración ata setembro. Os froitos maduran a finais do verán.



Distribución e hábitat en Galicia

Esténdese por Europa, oeste de Asia e norte de África. En Galicia aparece nas catro provincias, pero falta na zona mediterránea do val do Sil e nas montañas por riba dos 1.000 m. Non se presenta nunca en forma de rodaís ou masas puras.

Planta de clima atlántico, de umbroclimas subhúmido a hiperhúmido, penetrando en zonas con influencia mediterránea non acusada. Os solos sobre os que se desenvolve son preferentemente profundos e algo húmidos, tolerando os enchoupados e os menos húmidos das ladeiras. Atópase en bosques húmidos e beiras dos regatos e ríos, sempre sobre substratos silíceos, baixo cuberta de especies arbóreas principais e en sebes, aparecendo máis raramente en toxeiras e carrascais.

Composición, propiedades farmacolóxicas e usos

A codia, desecada ao sol, das ramas e troncos novos figura na farmacopea española polas súas propiedades purgantes e laxantes. Os principios activos son compostos antraecénicos, derivados da oximetilanthaquinona: frangulósidos A e B, glucofrangulósidos A e B, frangulaemodina e vaisofenol. Débese empregar a codia desecada e conservada un ano antes de empregala; non empregar a codia fresca pois actúa enerxicamente producindo cólicos e vómitos.

Empregáanse as decoccións, extracto fluído ou o po, en casos de estrinximento ou en disquinesias biliares grazas á súa acción colagoga. Está contraindicado o seu emprego no embarazo, lactación, menstruación, úlcera gastroduodenal e hemorroides.

Sarxa *Salvia officinalis* (L.) Cast. Salvia. Sin. Xarxa, Salva.

Descrición

Planta arbustiva, leñosa na base, pero con anovos anuais herbáceos, erguida, moi aromática, que pode acadar os 60-70 cm, moi ramificada, coas ramas estendidas e tomentosas. Follas pecioladas, opostas, oblongo-ovais ou lanceoladas, con finos dentes redondeados, verdosas pola face e abrancazado-pubescentes polo envés, sendo máis pubescentes de novas.

Flores hermafroditas e pentámeras, agrupadas (5-10) en verticilos, formando un acio simple e laxo, con brácteas oval-acuminadas. Cáliz bilabiado de 10 a 14 mm, pubescente e con punteaduras glandulares, con cinco dentes lanceolados, e con abundante nervación reticulada entre as veas principais. Corola de ata 35 mm, excedendo amplamente o cáliz, de cor branca, rosada, azul ou violeta, co labio superior case dereito e o inferior con 3 lóbulos ben definidos, sendo o do medio máis grande.

Froito en tetraquenio, 4 núculas ovoideas e lisas. Florece a finais da primavera e durante o verán.



Distribución e hábitat en Galicia

Planta orixinaria dos países do Mediterráneo Oriental que se cultiva en Galicia. Prefire climas mornos, soportando mal as xeadas, sobre todo se son tardías.

Composición, propiedades farmacolóxicas e usos

Contén aceites esenciais, flavonoides e principios amargos. Ten moitas propiedades medicinais como antisudorífica, hipoglucemiante, emenagoga, estimulante, antiespasmódica, astrinxente e antiséptica.

Durante milenios a sarxa empregouse como planta culinaria e medicinal. Sábese que axuda ao proceso dixestivo estimulando a secreción da bile. É particularmente útil para reducir a acumulación de gases intestinais e calmar os cólicos abdominais. Contén tamén unhas substancias chamadas fitoesteróis que teñen un efecto estroxénico e refrescante. Nas mulleres menopáusicas reduce a sudación excesiva, polo que é moi eficaz para reducir os quenturas e suores nocturnas. Diminúe ou detén o fluxo de leite, polo que non debe ser utilizada por mulleres en período de lactación.

A sarxa tamén pode usarse externamente. Posúe propiedades antisépticas, polo que é útil aplicar un pano mollado cunha infusión de sarxa sobre as picaduras de insectos, cortaduras e outras feridas externas. Emprégase tamén para tratar a xenxiuite e aftas bucais.

Consumida regularmente a sarxa axuda a reducir os niveis de azucre no sangue en persoas diabéticas.

As partes utilizadas son as follas e sumidades floridas, coas que se preparan infusións, píldoras, tinturas, etc.

Croques *Digitalis purpurea* (L.)

Cast. Dedalera, Digital.

Sin. Belitroques, Sanxoans, Estralotes, Dedaleira.

Descrición

É unha planta herbácea que normalmente dura dous anos. O primeiro ano bota unha roseta de follas basais e no segundo emite o talo florífero que pode chegar aos 2 m de altura. As follas son grandes, pilosas, ovaladas ou lanceoladas, coa marxe dentada, pecioladas as inferiores e subsésiles ou sésiles as da parte superior.

Flores en acios longos e unilaterais. As flores son pentámeras, con cáliz verdoso e corola bilabiada, de 3-5 cm, longamente tubulosa e de cor púrpura (raro branca), androceo con 4 estames didínamos e xineceo con ovario bicarpelar súpero.

Froito en cápsula ovoide que se abre por dúas valvas deixando saír numerosas sementes de pequeno tamaño.

Florece desde Maio ata o mes de Agosto.



Distribución e hábitat en Galicia

En Galicia atópase adoito. Medra en medios forestais como claros de bosques, noiros, beiras das pistas, bosques caducifolios alterados, piñeirais, eucaliptais, sebes, carreiros algo sombrizos e comunidades de grandes herbas das altas montañas, sempre sobre solos frescos, soltos, lixeiramente nitrificados e de carácter acedo, derivados de rochas silíceas (lousas, granitos, xistos, serpentinas, etc.) ou calcarias descalcificadas. Tamén é frecuente nos terreos forestais incendiados.

Esténdese polos diferentes pisos climáticos, desde o nivel do mar ata as máis altas montañas.

Composición, propiedades farmacolóxicas e usos

A folla figura en numerosas Farmacopeas, ademais da española, debido ás súas interesantes propiedades cardiotónicas. Toda a planta é moi tóxica e non se debe empregar en autotratamentos.

Empregase como medicinal o po da folla, a partir do cal se preparan as infusións ou as tinturas que, aplicadas a doses terapéuticas, actúan sobre o corazón enfermo producindo un aumento da contractibilidade do miocardio, redución do ritmo do corazón e diminución da excitabilidade.

Ademais das accións sobre o corazón, é necesario destacar a acción diurética, pouco marcada nas persoas sas, pero manifesta nos casos de edemas e estase venoso.

A tintura da dedaleira foi moi empregada por prescrición facultativa para o tratamento da insuficiencia cardíaca e alteracións do ritmo, pero a estreita marxe entre a dose terapéutica e a tóxica unida á difícil eliminación dos principios activos, determinou que se deixase de utilizar, empregándose desde entón preparacións farmacéuticas de dixitóxido e doutros dixitálicos semisintéticos.






Guía de Tratamientos

ESTADOS	NO INVERNO	GROMAR	GROMOS DE 10 - 30 cms.	ACIOS VISTA
PRAGAS E ENFERMIDADES				
MILDEU	ZZ CUPROCOL A dose máxima autorizada		RIDOMIL GOLD COMBI 200 g/hl ou RIDOMIL GOLD MZ PEPITE 250 g/hl	RIDOMIL GOLD COMBI 200 g/hl ou RIDOMIL GOLD MZ PEPITE 250 g/hl
OCEDIO		THIOVIT-JET 500 g/hl	THIOVIT-JET 500 g/hl	THIOVIT-JET 500 g/hl TOPAS 200 20 ml/hl ou ATEMI 10 20 g/hl
PODRE DA UVA				
VERMES DA UVA				

No caso de ataques de "Acariosis" ou "Araña Vermella", aplicar ZELDOX (100g/hl) ou VERTIMEC (75 ml/hl).



Viñedos Galegos

COMEZO DA ESFARNA	REMATE DA ESFARNA	GRAN DE ERVELLA	NA PINTA	3 SEMANAS ANTES DA VENDIMA
				
QUADRIS MAX 2 l/ha (200 ml/hl) (*)	QUADRIS MAX 2 l/ha (200 ml/hl) (*) ou COBRE SUPER PLUS 400 g/hl	COBRE SUPER PLUS 400 g/hl	COBRE SUPER PLUS 400 g/hl ou ZZ CUPROCOL 250 ml/hl	ZZ CUPROCOL 250 ml/hl ou COBRE SUPER PLUS 400 g/hl
QUADRIS MAX 2 l/ha (200 ml/hl) (*)	QUADRIS MAX 2 l/ha (200 ml/hl) (*) ou TOPAS 200 20 ml/hl ou ATEMI 10 20 g/hl	TOPAS 200 20 ml/hl ou ATEMI 10 20 g/hl	TOPAS 200 20 ml/hl ou ATEMI 10 20 g/hl	
		SWITCH 100 g/hl	SWITCH 100 g/hl	SWITCH 100 g/hl
KARATE ZEON 10-20 ml/hl	KARATE ZEON 10-20 ml/hl		KARATE ZEON 10-20 ml/hl	

(*) Considerase un gasto de 1.000 l de auga por ha.

(**) Dous paseos por campaña como máximo. Prazo de seguridade, 7 días.



Outros males da viña



ÁCAROS

Case sempre se encontran nas follas. Son de tamaño moi pequeno, visible con lupa. Poden causar danos importantes á viña, producindo a caída prematura das follas e dificultando a maduración do gran con diminución do grao alcohólico, así coma o bo agostamento dos bacelos. Debe tratarse ao comezo dos primeiros síntomas ou de forma preventiva cun produto como ZELDOX (75 g/hl) ou VERTIMEC (75 ml/hl), mollando homoxe-neamente toda a follaxe.



PODRE DA UVA

Este mal ataca sempre as mellores castes do país e tamén a todas aquelas de acio pecho.

- O primeiro tratamento farase ó remata-la "Purga" con QUADRIS MAX contra mildeu.
- Os outros tratamentos faranse con SWITCH antes do peche do acio e durante o pintor. Prazo de seguridade 7 días. Pode mesturarse cos produtos anti-mildeu. Dose 100-150 g/hl.



VERME DA UVA

É un verme que no primeiro come as flores do acio e fai unhas teíñas como se fose unha araña; máis tarde fura as uvas e podrecen por esta causa. Esta praga tópase en case que todas as viñas, uns anos máis que outros. Combátese botando KARATE ZEON 10-20 ml/hl. Tamén se pode aplicar LUFOX a 1 l/ha antes das postas, cando empeza la aparición de bolboretas.



BLACK-ROT OU PODREMIA NEGRA

Esta enfermidade ataca con virulencia a follas, baceiros e acios da vide. Produce manchas de color vermella ladrillo e cóbrese nos seu interior de pequenas pústulas negras circulares. En acios produce a desecación e engurrado dos grans.

Tratar con produtos para a mera, como QUADRI.



REFORZAMENTO DAS CEPAS

Os nosos viñedos son moi pouco fertilizados, por iso vanlle moi ben os tramentos cun "fertilizante foliar". Deben facerse tres ou catro aplicacións durante a época de máis medrio das gromadas e uvas.

Aplicar ISABION a 300 ml/hl ou ABOFOL a 100-150 g/hl. Este fertilizante pode mesturarse no momento do tratamento cos produtos indicados contra o Mildeu. A partir do pintor aplicacións con STIMUFOL K 300 g/hl favorecen a maduración da uva.



MALAS HERBAS

Para combater-las malas herbas entre as cepas en calquera época do ano, pode botarse o herbicida REGLONE a dose de 500-750 ml/hl. Os mellores resultados acádanse durante os meses de menos sol e máis humidade (dende Outono a Maio).

O REGLONE pode botarse cantas veces veñan as herbas e non dana as raíces nin os talos.

Tamén pode botarse TOUCHDOWN PREMIUM á dose de 500 a 800 ml/hl, tendo coidado de non mollar as partes verdes da viña; este dura máis que REGLONE.

Se o que se precisa é un desherbado duradeiro, botarse FOLAR, herbicida de postemerxencia contra malas herbas anuais de folia estreita e ancha.

Consellos para os coitados da Viña



CANDO PLANTES CEPAS, procura un patrón axeitado á túa terra: nas terras soltas e secas de ladeira precisa plantas con patrón de raíz profunda; nas terras frescas de ribeira, a clase de patrón ten que ser de raíz máis superficial. Tamén é importante que a afinidade da caste de cepa a enxertar con patrón sexa boa. Antes de mercar os patróns ou cepas enxertadas, convén asesorarse nos Servizos Oficiais de Extensión Agraria ou na Estación Enolóxica.



GALICIA, POLA SÚA CLIMATOLOXÍA, é un país endémico de enfermidades de fungos, especialmente "Mildeu". Os tratamentos de inverno contribúen a unha sanidade mellor das cepas. Tratamentos indicados son: ZZ CUPROCOL á caída da folla (outubro); e un segundo tratamento de ZZ CUPROCOL despois da poda (febreiro-marzo).



OS LABORES FONDOS DA VIÑA deben facerse sempre na plena parada invernal, sempre antes da movida do zume.



O RISCO DE XEADAS AUMENTA nas viña con herba. No mes de abril, en que hai risco de xeadas tardías, as cepas deben ter un solo limpo de herbas. Unha aplicación de REGLONE nese mes é moi recomendable. É posible facer a aplicación con TOUCHDOWN PREMIUM, tendo en conta non mollar nin pámpanos, nin gromos nin follas.




COMEZA A SULFATAR cando vexas que hai risco; non esperes a cando sulfate o veciño ou a que cho diga alguén de fóra da túa bisbarra; as viñas de cada terra e de cada caste teñen riscos distintos; a túa experiencia de anos anteriores é a que máis vale.




NON SACHES A VIÑA CANDO está próxima a "purga" ou "esfarna", pois un pequeno dano nas finas raíces da superficie pode ser motivo de caída de flor.








 **OS PRIMEIROS TRATAMENTOS** ata inicio de floración con RIDOMIL GOLD COMBI. E ata o grao de ervella é axeitado facelos con QUADRIS MAX; este sulfato combate el só "Mildeu", "Oídio", ademais é dos indicados nos programas de "Loita Integrada".

 **SE O TEMPO TEN RISCO** nunca esperes máis de 12 días dun tratamento a outro, e se chove procura un escampo para tratar, pois un tratamento

nestes días pode ser a salvación da colleita.

 **DEPOIS DA UVA "GRAN DE ERVELLA"** son axeitados os tratamentos con produtos equilibrados en Cobre. ZZ COBRE SUPER PLUS está especialmente indicado nos viñedos de Galicia pola súa acción funxicida triple e polo seu contido en Magnesio, do que teñen carencia case que todos os nosos viñedos.

 **ÓS TRATAMENTOS CON ZZ COBRE SUPER PLUS** debe mesturárselle TOPAS ou THIOVIT JET para combater ó mesmo tempo "Mildeu" e "Oídio".

 **NON ESOLLES A VIÑA MOI CEDO** nin máis da conta: esfoliar moi cedo coas uvas medrando pode facer que o sol lles produza danos; quitarlle moitas follas adultas pode mermar a formación de azucres na uva.


 **NON VENDIMES UVA MOLLADA** e quítalle o "Podre" se o ten.



REGLONE®

Contra as malas herbas
**nos viñedos,
hortas e froiteiras**

Controla as
malas herbas
de forma
eficaz
e rápida.



Bótase entre
1,5 e 4 litros/ha
equivalente a
50-125 cc por
cada sulfatadora
de 15 litros

Tratamentos

Das Froiteiras de Carabuña

(Pavieiras, melocotoeiros, ameixeiras e outros)

Por cada 100 litros de auga

TRATAMENTO INVERNO:

ZZ-CUPROCOL (200 ml/hl)

LEPRA-CRIBADO

SCORE (30 ml/hl)

OÍDIO

TOPAS 200 (20 ml/hl)

ou SCORE (30 ml/hl)



MONILIA

SWITCH (100 ml/hl)

PULGÓNS

ACTARA (10 gr/hl)



ÁCAROS

VERTIMEC (75 ml/hl)

ou ZELDOX (75 gr/hl)

OUTROS INSECTOS

(Anarria, mosca da froita, cirugas minadoras, carpocapsa, pulgóns, etc.):

KARATE ZEÓN (20 ml/hl)

FERTILIZACIÓN FOLIAR

ISABION (300 cc/hl)

ABOFOL (100 gr/hl)

CLOROSE FÉRRICA

SEQUESTRENE G-100 (50-100 gr/árbore)

Tratamentos a fazer

Por cada 100 litros de auga

TRATAMENTO INVERNO

ZZ-CUPROCOL (200 ml/hl)



MOTEADO

SCORE (20 ml/hl)

OÍDIO E FUNGOS

TOPAS 200 (20 ml/hl)



PULGÓNS

ACTARA (Maceira 20 gr/hl)

VERMES OU CARPOCAPSA

KARATE ZEON (20 ml/hl)



PSILA OU MIELETA

VERTIMEC (80-100 ml/hl)

nas Maceiras e Pereiras

Por cada 100 litros de auga

ÁCAROS

VERTIMEC (80-100 ml/hl)



OUTROS INSECTOS

(minadores, tigre da pereira, fiollo de San Rosí, etc.).

KARATE ZEÓN (20 ml/hl)

ou

INSEGAR (60 gr/hl)



FERTILIZACIÓN FOLIAR

ISABION (300 cc/hl)

ABOFOL (150 gr/hl)

CLOROSE FÉRRICA


SEQUESTRENE G-100

(50-100 gr/árbore) conforme porte.



Hai outra praga chamada "araña vermella" que pode acometer algunha vez, neste caso tratarase unha ou dúas veces con **ZELDOX**.


Tratamentos de Invernadoiros e hortas




PROBLEMAS	TRATAMENTOS
VERMES da terra	FORCE (15 kg/ha); mesturado coa terra.
MILDEU (Tomates e outros)	ORTIVA (80 ml/hl) ou RIDOMIL GOLD PLUS (400 g/hl) RIDOMIL GOLD MZ PEPITE (300 g/hl) ou ZZ-COBRE SUPER PLUS (400 g/hl) ZZ-CUPROCOL, cando os froitos estean xa a madurar (150-200 ml/hl).
BOTRITE (Calquera cultivo)	SWITCH (morango, tomate, berexena, leituga e xudía verde) 100 g/hl.
PULGÓNS (Calquera cultivo)	APHOX (100 g/hl) ou ACTARA (20 g/hl) ou PLENUM (40 g/hl).
MOSCA BRANCA	ACTARA (20-30 g/hl) ou PLENUM (50 g/hl).

PROBLEMAS	TRATAMENTOS
HERBAS	<p>REGLONE, dirixindo a pulverización entre os corredores e as plantas (600 ml/hl).</p> <p>FUSILADE MAX (350 ml/hl). Mata herbas de folia estreita sen danar cultivo aínda que este se molle.</p>
CULTIVOS CATIVOS	<p>ISABION (250 ml/hl) aplicar varias mans. Pode mesturarse cos funxicidas.</p>
FUNGOS, en Caraveis, Rosas e outros cultivos	<p>SCORE (30-50 ml/hl).</p>
OÍDIO	<p>THIOVIT-JET (400-600 g/hl) ou ATEMI 10 (20 g/hl) ou TOPAS 200 (20 ml/hl)</p>
VERMES que comen froitos, flores, follas ou talos	<p>KARATE ZEON (10-20 ml/hl) ou COSTAR (30-50 g/hl).</p>
ARAÑA VERMELLA	<p>ZELDOX (50 g/hl) VERTIMEC (50-100 ml/hl).</p>
LESMAS E CARACOIS	<p>ALIMET (5-8 kg/ha).</p>

NOTA: non mesturar Isabión con Cobre Super Plus nin ZZ-Cuprocol.



Tratamentos



Estadio Fenolóxico Praga/Enfermidade	Sementeira	Xerminación Gromos	Desenvolvemento das follas	Formación de brotes laterais	Crecemento lonxitudinal (brotos principais)
MILDEU (MERA)			RIDOMIL GOLD MZ PEPITE (300 g/hl ou		
ALTERNARIA					
INSECTOS DO CHAN	FORCE (15 Kg/ha)				
ROSCAS E EIRUGAS	KARATE KING (450 g/ha ou 80 gr/hl) ou KARATE ZEON (125 g/ha ou 20 ml/hl)				
ESCARAVELLO E PULGÓNS	CRUISER (22 cc/100kg de pataca)			ACTARA (100 g/ha a 30 gr/hl)	
MALAS HERBAS E DESECANTES	TOUCHDOWN PREMIUM (2-3 l/ha)			FUSILADE MAX (1,5-1,75 l/ha)	
FERTILIZANTES FOLIARES			ISABION (300 ml/hl) ou ABOFOL L (100 g/hl)		

das Patacas



Floración	Formación do froito	Maduración de froitos e sementes	Senescencia	OBSERVACIÓNS
2,5 kg/ha	OHAYO (400 ml/ha)			Tratar nos momentos de máximo crecemento do cultivo. Alternar produtos.
	SCORE (800 ml/ha ou 60-80 ml/hl) OU BRAVO 720 (160-210 ml/hl ou 1,6-2 kg/ha)			Tratar ao inicio do ataque.
				Aplicar en tratamento localizado no momento da sementeira.
				Tratar para aproveitar efecto repelente xunto co herbicida ou cando se observen danos.
				Tratar ao ver as primeiras larvas ao apareceren os primeiros pulgóns.
			REGLONE (2-3 lt/ha)	Touchdown Premium tratar antes de nacer a pataca. Fusilade Max controla gramíneas anuais e perennes despois de nacidas (xoio, aveia louca, millán, rebrotes cereal, etc..) Deixar pasar polo menos 2 semanas ata a recolección.
			ou STIMUFOL K (400 g/hl)	Axuda a restablecerse de procesos coma xeadas, sarabia, stress, etc. Completo fertilizante foliar para procesos carenciais das plantas.



**Contra
a Xuncia
do millo**

Callisto

**A mellor solución,
naturalmente**

DOSE: 1.500 cc/Ha.


(40-50 cc/mochila de 15 l.
para 250-300 m² de terra)

Callistemon Plant Technology




Tratamentos da millo e outros cereais

Millo



	TRATAMENTOS	OBSERVACIÓNS
Malas herbas	Camix (3,75 l/ha).	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes o pouco despois da nacemento do millo. Aplicar ata 4-8 follas do millo.
	Primextra Líquido Gold (4 l/ha).	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes da nacemento do millo.
	Callisto (0,75-1,5 l/ha).	Aplíquese 1,5 l/ha para control da xuncia. Controla ademais as herbas de folla ancha e dixitaria (pata de galiña).
	Samson (1,25-1,5 l/ha).	Aplicar para controlar gramíneas despois de nacidas, como millán, setaria, etc. Aplicar con millo 4-8 follas.
Pulgóns e eirugas	Karate Zeon (0,125-0,4 l/ha).	Aplicar ó inicio do ataque.
Insectos chan (verme arame, vermes brancos, etc).	Force 1,5 G (3-5 kg/ha).	Aplicar localizado na liña de sementeira.

Cereais de inverno (Trigo e Cebada)



	TRATAMENTOS	OBSERVACIÓNS
Malas herbas	Auros Plus (3,5 l/ha + 40 g/ha).	Controla xoio e herbas folla ancha. Aplicar desde a sementeira ata herbas en 2 follas.
	Arizona (2,5-3,5 l/ha).	Controla xoio e herbas de folla ancha. Aplicar antes da nacemento do cereal ou a partir do estadio de 2 follas ata o inicio do afillado.
Herbicida a base dunha adecuada combinación de dúas substancias activas que permiten combater as gramíneas e dicotiledóneas anuais que invaden normalmente o cultivo do millo de consumo ou de forraxe. En condicións normais poden sementarse ou plantarse calquera dos cultivos que poden seguir ao millo nunha rotación normal.

DOSE: 4l/ha.

REGLONE

20% Dicuat SL. N° 12346 T+ - N
5 l. PS: 15 días no caso de entrada do gando.

Herbicida de contacto de acción rápida e eficaz contra as malas herbas. Axeitado para desecante de diversos cultivos facilitando as colleitas. Autorizado en patacas, millo, xirasol e algodón como desecante. Noutros cultivos, como herbicida de pre-laboreo ou para botar entre liñas sen mollar as follas do cultivo.

DOSE: 1,5-4 l/ha (430-1.150 ml/hl) canles e cultivos en linea e desagües.

SAMSON

4% Nicosulfuron SC.
1 l.

Nº 22353 Xi - N

PS: NP. Non poñer colza como cultivo a seguir.

Herbicida de post-emerxencia contra herbas gramíneas e dicotiledóneas no cultivo do millo. Activo contra equinocloa e outras gramíneas resistentes. Complementario contra xuncia. Pode mesturarse con outros herbicidas de post-emerxencia.

DOSE: 1-1,5 l/ha (280-430 ml/hl). Aplicar cando o millo teña entre 3 e 4 follas.

SPLENDOR 25 SC

25% Tralkoxidim SC.
5 l.

Nº 19315 Xn - N

PS: 15 días ata a entrada do gando. 3 meses para nova sementeira de cereais.

Herbicida de post-emerxencia, contra avea, ballico e outras gramíneas nos cultivos de trigo, cebada e triticale.

DOSE: 1,2 -1,6 l/ha. + 1 l/ha do mollante Canplus (400-530 ml/hl + 330 ml/ hl).

TOPIK EVO

24% Clodinafop-propargil.
6% Cloquintocet-mexil EC. 5% Florasulam.
1 l +150 ml

Nº19548 Xn - _

N. Nº22145 _ - N

PS: NP.

Combinación herbicida de postemerxencia contra gramíneas e herbas de folia ancha anuais nos cultivos de triticale e trigo. Controla avea, xoio, phalaris e alopecuro e a maioría das malas herbas de folia ancha que invaden o cereal. Aplicar a partir de tres follas do cultivo e ata o afillado do mesmo.

DOSE: 175-250 ml/ha + 1 L/ha do mollante Agral e 75-150 ml/ha de Florasulam 5%.

TORDON 22 K

24% Picloran (sal potásico) SL.
250 cc, 1 l.

Nº11760 Xi - _

PS: 21 días

Herbicida de translocación, moi persistente para o control de leñosas en terreos sen cultivo (silveiras, toxos, xestas, etc), rumex e outras especies de folia ancha en praderías de gramíneas. É absorbido por vía radicular e foliar.

DOSE: 1 l/ha en prados de gramíneas e 1-1,5 l/hl zonas non cultivadas.

TOUCHDOWN PREMIUM

36% Glisofato (sal amónico) SL.
1 l, 5 l, 10 l, 25 l, 120 l, 640 l.

Nº 22957 _ - _

PS: 7 días cereais e terreos agrícolas.

NP demais cultivos.

Herbicida sistémico, non selectivo de post-emerxencia, contra todo tipo de herbas, incluídas as perennes e malezas leñosas, cun gran ámbito de aplicación. Plantacións de aguacate, cereais, froiteiras de folia caduca, limoeiro, laranxeira, oliveira, plataneiro, terreos agrícolas, terreos forestais e vide. Grazas á tecnoloxía Sistem 4, Touchdown Premium actúa máis rápido, e en condicións difíciles obtéñense mellores eficacias ca con outros herbicidas sistémicos.

DOSE: 3-7 l/ha segun do o cultivo e tipo de herba ou maleza a controlar. Recoméndase aplicacións con baixo volume de auga, de 100-200 l de auga por ha, polo que a dose equivale a: 1,5-3,5 L/hl. As doses máis baixas para as herbas noviñas, e as máis altas para perennes e malezas leñosas.

PRODUTOS VARIOS

ABOFOL-L

24% Nitróxeno (N) total baixo varias formas.
16% Fósforo (P₂O₅) soluble. 12% Potasio (K₂O)
soluble. 0,07% Boro (B) e 0,07% Zinc (Zn)
quelados por EDTA-Na₂. Sólido cristalino.
1 kg e 5 kg.

Registro de fertilizantes e afíns
Nº 2379
PS: NP.

Fertilizante foliar que estimula e regula a vexetación das plantas, diminúe os problemas de carencias e mellora a calidade das colleitas. Axuda a recuperar os cultivos nos accidentes climáticos. Autorizado para todos os cultivos.

DOSE: 100 g/hl. Tamén pode aplicarse á terra para ser tomado polas raíces dos cultivos.

ALIMET

5% Metaldehído.
1 Kg, 5 Kg.

Nº 11744 _ _ _
PS: 15 días. Ornamentais NP.

Cebo en forma de gránulos contra lesmas e caracois nos cultivos de cítricos, amorodos, froiteiras de folla caduca, hortícolas, ornamentais herbáceas, ornamentais leñosas, industriais e pataca. Alimet posúe unha elevada resistencia ao lavado, sen que o seu poder atraente se vexa reducido.

DOSE: 5-8 Kg/ha.

CANPLUS

60% aceite, 24% Oleato sorbitol,
12% Tredecilalcohol OL.
1 l.

Nº 19316 Xi - _
PS: NP.

Mollante para aplicacións herbicidas, que mellora a penetración e actuación, especialmente indicado cando as malas herbas precisen aumentar o poder mollante.

DOSE: 350-500 ml/hl segun do indicación para cada cultivo.

CULTAR

25% Paclbutrazol SC.
250 ml, 1 l.

Nº 17270 Xi - N
PS: 60 días para as colleitas.

Regulador do crecemento para fruticultura e viticultura. Reduce a lonxitude das brotacións, mellora a calidade dos froitos, e na vide ademais evita o corremto da floración. Aplicar en cultivos con certa vitalidade.

DOSE: Varía segundo os cultivos e momento de aplicación. Na vide para mellorar o callado da flor aplicar unha soa vez, 50 ml/hl entre dúas ou tres semanas antes da floración.

DIVIDEND FÓRMULA M

3% Difenconazol FS.
20 l, 200 l.

Nº 22008 Xi - N
PS: NP.

Funxicida sistémico para o tratamento das sementes do trigo e da cebada, contra caries, podre da raíz, carbón vestido e helmitosporiose.

DOSE: 100-200 ml/100 kg semente. O produto pode aplicarse directamente sobre a semente ou diluído previamente en 400-500 ml de auga.

ISABION

Complexo de aminoácidos LS.
1 l, 5 l, 20 l.

Rexistro de fertilizantes e afíns.
Nº 02511

Nutriente orgánico bioestimulante da vexetación das plantas en todo tipo de cultivos. Aplicar na fase de crecemento das plantas, especialmente indicado en cultivos cativos ou afectados por accidentes climatolóxicos, fitotóxicidades, etc.

DOSE: En aplicación foliar 200-500 ml/hl (4-5 l/ha). En aplicacións a terra, pode incorporarse coa rega (3-4 l/ha) e 4 aplicacións. Un máximo de 15 l/ha.

KLERAT BLOCK

0,005% Brodifacoum. Bloques parafina. BB.
100 g, 500 g, 10 kg.

Nº RPDGSP: 08-10-00838
y 08-10-00838 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. Controla ratas, ratos e toupas de campo. Formulación axeitada para almacéns, recintos, exteriores, colectores, e ratas de campo en plantacións.

DOSE: colocar os bloques en portacebos en bastantes puntos por toda a superficie infestada, cerca de onde os roedores teñen os seus niños, tobos ou galerías, principalmente onde estiveron alimentándose ou causando danos.

SUPER KLERAT

0,005% Brodifacoum.
Cebo granulado coloreado. GB.
250 g, 5 kg.

Nº RPDGSP: 08-10-00837
y 08-10-00837 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. De utilización en almacéns e recintos agrícolas exteriores ou interiores. **Ratas:** adoitan alimentarse en lugares ocultos cos que estean familiarizadas. Colocarase en cada punto o contido dunha bolsiña nun portacebos e a intervalos de 5-10 metros. Debido a que as ratas son moi desconfiadas, recoméndase non facer limpeza nin mover os obxectos nos lugares tratados, ata a finalización da desratización.

Ratos: con cada bolsiña de 50 g pódense facer de 2 a 4 puntos de cebo, situando os portacebos a intervalos de 2-5 metros. Como os ratos son comedores esporádicos e tenden a explorar novos lugares, recoméndase cambiar os cebos de sitio periodicamente. Ao abrir as bolsiñas, colocar os gránulos nun portacebos no punto elixido, e revisalos cada 7-8 días; repoñer aqueles puntos de cebo onde este tivese sido comido.

KLERAT PASTA

0,005 % Brodifacoum. Cebo en pasta fresca
250 g, 10 Kg.

Nº RPDGSP: 05-10-04162
y 05-10-04162 HA.

Novo raticida en forma de pasta fresca de alta palatabilidade e apetencia, moi activo para todo tipo de roedores, incluso para os resistentes a outros anticoagulantes. É moi fácil e cómodo de usar, debido á súa consistencia semisólida e a súa moderna presentación en bolsiñas de papel filtro (15 gramos), resistindo a humidade. Contén proteínas e ácidos graxos, así como funxicidas e estabilizantes que garanten unha longa duración do produto (incluso no exterior). Pode ser usado en recintos interiores e no exterior.

DOSE: Colocar en cada punto 1-2 unidades para ratos e 4-5 unidades para ratas.



PROVINCIA DA CORUÑA

A Baña	528	Cedeira	509	Monfero	548
A Coruña	444	Cerdido	509	Mugardos	548
Abegondo	436	Cesuras	436	Muros	335
Ames	639	Coiros	436	Muxía	424
Aranga	436	Corcubión	424	Narón	509
Ares	548	Coristanco	524	Neda	509
As Pontes	548	Culleredo	444	Negreira	528
Ateixo	444	Dodro	420	Noia	420
Arzúa	536	Dumbría	424	Oleiros	444
Bergondo	436	Enfesta	639	Ordes	639
Betanzos	436	Ferrol	509	Oroso	639
Boimorto	536	Fisterra	424	Ortigueira	444
Boiro	484	Frades	636	Outes	396
Boqueixón	639	Irixoa	436	Oza dos Ríos	436
Brión	500	Laracha	524	Paderne	436
Cabana	524	Laxe	524	Padrón	420
Camariñas	424	Lousame	420	Pino	536
Cambre	444	Mañón	548	Pobra do	
Capela	548	Mazaricos	424	Caramiñal	484
Carballo	524	Malpica	524	Ponteceso	524
Cariño	444	Mesía	603	Pontedeume	548
Carnota	400	Melide	536	Porto do Son	480
Carral	444	Miño	548	Rianxo	484
Cee	436	Moeche	509	Ribeira	484
Cerceda	639			Rois	424

PROVINCIA DA CORUÑA

Sada	436	Teixeiro	536	Valdoviño	509
Sadurniño	509	Teo	639	Vedra	639
Sta. Comba	528	Toques	536	Vilamaior	548
Santiago	639	Tordoia	639	Vilasantar	536
Santiso	536	Touro	536	Vimianzo	424
Sobrado	536	Trazo	640	Zas	424
Somoza	509	Val do Dubra	640		

Outras Medidas:

En Rianxo úsase a **Cunca** que son 35 metros cadrados. O ferrado ten 12 Cuncas.

En Boiro úsase **Cuartillo** que son 22,33 metros cadrados.

En Rois úsase **Cuartillo** que son 17,50 metros cadrados.

Na Pobra do Caramiñal úsase a **Cunca** que son 40 metros cadrados.

PROVINCIA DE LUGO

A Fonsagrada	507	Guntín	436	A Pobra de Brollón	465
As Nogais	621	O Incio	559	Pol	496
Abadín	504	Láncara	629	Portomarín	671
Alfoz	714	Lourenzá	638	Quiroga	465
Antas de Ulla	604	Lugo	436	Rábade	436
A Pontenova	504	Melra	514	Ribadeo	612
Baleira	714	Mondoñedo	612	Ribas do Sil	465
Barreiros	714	Monforte	489	Ribeira de Piquín	514
Becerreá	578	Monterroso	604	Riotorto	504
Begonte	525	Muras	548	Samos	559
Bóveda	489	Navia de Suarna	650	Sarria	629
Castro de Rei	629	Neira de Xusa	610	O Saviñao	559
Carballedo	629	Negueira de		Sober	484
Castroverde	496	Muñiz	507	Taboada	604
Cervo	725	Ourol	548	Trabada	638
Cervantes	553	Outeiro de Rei	436	Triacastela	430
Chantada	629	Palas de Rei	604	O Valadouro	714
O Corgo	436	Pantón	489	Vicedo	548
Cospeito	525	Páramo	559	Vilalba	546
Courel (Folgosos)	436	Paradela	559	Viveiro	548
Foz	714	A Pastoriza	504	Xermade	525
Friol	436	Pedrafita	578	Xove	725

Outras Medidas:

En Riotorto: **Fanega** igual a 4 Ferrados, **Ferrado** igual a 2 Tegos, **Tego** igual a 4 Cuartillos.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Lama	217	Fornelos de		Pontesampaio	629
A Caniza	437	Montes	74	Pontevedra	629
A Estrada	629	Gondomar	541	Portas	629
As Neves	629	Lalin	536	Ribadumia	629
Agolada	536	Marín	472 ou 504	Redondela	69
Arbo	437	Meis	629	Rodeiro	536
Baiona	539	Meaño	629	Salvaterra	437
Bueu	472	Moaña	472	Sanxenxo	629
Caldas de Reis	672	Mondariz	432	Silleda	536
Cambados	629	Moraña	648	Soutomaior	64
Campolameiro	629	Mos	497	Tomiño	629
Cangas	472	Nigrán	541	Tui	497
Catoira	629	O Grove	629	Valga	629
Cerdedo	528	O Porriño	497	Vigo	541
O Covelo	264	Oia	402	Vilaboa	629
Crecente	437	Pazos de Borbén	74	Vilagarcía	545
Vila de Cruces	536	Polo	629	Vilanova de	
Cuntis	629	Ponteareas	437	Arousa	672
Dozón	536	Pontecaldelas	629	Vilaxoán	603
Forcarei	500	Pontecesures	420		

Outras Medidas:

No Morrazo e ría de Vigo úsase moito a **Vara**, que vale no Morrazo 7.37 metros cadrados, e en Vigo 4.57 metros cadrados.

En Pontevedra, Caldas e Cambados úsase a **Cunca**, a doceava parte do **Ferrado** que vale 52.40 metros cadrados. En Godos e Saiar 56 metros cadrados. O **Ferrado** 12 veces a **Cunca**. Na Estrada e Lalin úsase o **Cuartillo**, que vale na Estrada 26 metros cadrados e en Lalin 22.34 metros cadrados.

En Pontecesures a **Cunca** ten 35 metros cadrados
Estadal: 12 pés = 336 cm.

PROVINCIA DE OURENSE

O **ferrado** vale: 629 metros cuadrados.

Outras Medidas:

Nas terras adicadas a viñedo, a **Cavadura** vale 437 m² ou 435 m², segundo as zonas.

O **Xornal** son 124 m². En lugares con pendente da Ribeira Sacra, unha "**cavadura**" ou "**home de cava**", equivale a 100 cepas ben desenvolvidas.

- Nas terras adicadas a outros cultivos, a **Tega** vale 388 m², a **Fanega** 4.141 m².

- Na Porquelra, a **Tega** son 906 m² o **Copelo**, 21 m².

- Para medidas do cereal, unha **Tega** equivale a 14 quilos de centeo, e unha **Fanega** son cinco **Tegas**.

- O **Copelo**, en Celanova e A Bola, son 20 m².

- En Valdeorras a **Maquia** son 120 m²; en Verín son 22,22 m².

Para medir capacidades en distintas zonas de Ourense, empréganse as seguintes medidas:

- **Ola**: equivale a 16 litros ou 16,5 litros, segundo as zonas.

- **Moio**: equivale a 8 olas (128 ou 132 litros).

- **Cabazo**: son 20 litros.

- **Cuarta e Media Cuarta**: son 20 e 101 litros respectivamente.

- **Cántara**: son 16 litros. O **Canado** son dúas Cántaras (32 litros).

CONTOS

QUE NON SON CONTOS

¡AS OSTRAS!



César Conde de Escairón ía xantar á Cañiza cun tal Andoni, bilbaíno e antigo compañeiro do servizo militar.

Xa coñecía o lugués a fama dos vascos de facer e falar esaxeradamente, a súa reputación de brutiños, e dispúxose a non quedar atrás nin contando nin facendo, mesmo empregando a retranca se cumpría.

O DOS MECHEIROS

Certo paneiro leonés percorría acotío Galicia, ofrecendo a súa mercancía en todo tipo de aldeas e vilas.

Un día, ao viaxante paroulle o coche nunha pequena aldea dos máis altos cumios da montaña ourensá.

Baixouse e preguntoulle a unha señoraíña que se acercou:

Nada máis sentar no mesón, xa pediu o de Bilbao un chuletón de boi de polo menos catro quilos, media ola de Condado para os dous e cadansúa bola de pan de Cea.

O Cesariño, para non ser menos, díxolle á camareira que lle trouxese a el sete dúcias de ostras de Arcade, para ir facendo boca.

E antes de comezar dixo o Andoni:

- ¡Oye, gallego! ¿Es cierto que las ostras son afrodisíacas, que aumentan el deseo y la potencia sexual?

E respondeu o galego sen darlle ningunha importancia:

- Non, nada diso. Contos e lendas urbanas. A metade da metade do que din. Eu mesmo, hai dous meses, quixen facer a proba. Comín corenta e sete contadas, e só me fixeron efecto dezanove.

- ¿Puede decirme dónde vive el mecánico del pueblo?

- Ai, filliño! Aquí estamoslle na fin do mundo. Non temos nin luz eléctrica. Mecánico non lle hai. A non ser o Pepiño, que é moi mañoso e axeitado para todo. Arranxa a máquina de mallar, remacha os caldeiros e cántaros, fai fechaduras de portas, ferra as cabalerías e solda pucheiros; pero, sobre de todo, é un fóra

de serie amañando chisqueiros. Chamámoslle Pepiño Chisqueiro.

- Bueno; sea. Si no hay mecánico, avísememe por favor a ese Pepiño de los mecheros.

Chegou Pepe e saudou. Moi serio. Cigarro na esquina da boca, mans nos petos, gorra de viseira ladeada, deulle ata tres voltas ao redor ao coche mirándoo de esguello.

O MÚSICO

Era Dona Amalia unha señora delicada, presumida e solermeira, de grande nivel social, rica, solteirona e con boísimas relacións entre as altas xentes de influencia na Coruña.

A súa debilidade era un sobriño de quince anos, medio gambetas, ao que lle daba o que pedise e chamaba cariñosamente Horacito.

El, algo aficionado á música, e ela crida de que era un auténtico virtuoso cunha carísima trompeta que lle comprara. Empeñáronse en que tiña que tocar nunha banda militar da Cidade de Cristal.

Pegoulle unha pequena patada a unha roda e preguntou.

- E logo, este vehículo ten gasolina?

- Sí, desde luego. Esta misma mañana le he llenado el depósito.

- Pois daquela, non hai ningunha dúbida. Ten que ser da pedra.

Traxe de estrea, repeiteado, trompeta limpa e brillante, coas partituras nunha carpetiña, dirixíronse ao quiosco dos xardíns de Méndez Núñez, un Domingo pola mañá, para a súa primeira actuación estelar.

Con moita xente escoitando a agrupación abriu o concerto co emblemático Pontearreas do mestre Reveriano Soutullo. Esta peza, como é sabido, ten uns preciosos solos e contrapuntos de trompeta onde o Horacio puido lucirse; pero non foi quen.

Mamaíña. Aquel instrumento soaba coma unha manda de elefantes cando barritan asustados nunha desbandada de tormenta africana.

Dona Amalia estivo engaiolada coa actuación, vendo os xestos e filigranas do rapaz.

Non escoitaba moito porque a pobriña era ben xorda, pero estaba moi atenta aos movementos.

Ao remate da canción, dirixiuse ao director e preguntoulle ilusionadísima:

- ¿Qué le parece la ejecución de mi sobriño?

- Home -dixo o capitán-, executalo parece excesivo, pero unha boa malleira de paus, a fe que a merecía.



Disposicións legais

DE INTERESE PARA GALICIA

ORDE DO 6 DE AGOSTO DE 2009
POLA QUE SE REGULAN E SE
CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS DE
APOIO Á VIABILIDADE DAS
EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS.

A situación actual do sector lácteo galego, sometido á presión de prezos elevados para os alimentos do gando e do abaratamento dos prezos percibidos pola súa produción, provoca unha difícil situación nas explotacións leiteiras.

Particularmente afectadas están as explotacións en proceso de reestruturación, que fixeron un esforzo por redimensionaren a súa capacidade produtiva mediante a realización de investimentos en compra de cota ou na mellora dos seus medios de produción e que, en moitos casos, se viron obrigadas a contraer obrigas con entidades bancarias que teñen dificultade de cumprir pola diminución anormal dos prezos do mercado do leite.

Na liña de posibilitar liquidez para estas explotacións, no 1 de xuño pasado publicouse a Orde do 29 de maio pola que se convocaban axudas á bonificación de custos financeiros dos préstamos formalizados para a disposición por parte dos gandeiros dos importes dos pagamentos de axudas ás explotacións leiteiras galegas. Ademais tamén, e dentro da liña de fornecer liquidez ás explotacións, o pasado 25 de xuño publicouse a resolución do Igape pola que se modifican as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, para que poidan acceder a estas axudas, explotacións e SAT e cooperativas leiteiras, en condicións de xuros financiados pola Consellería do Medio Rural.

Aínda así, o apoio non é suficiente para paliar a situación en que se encontra o sector lácteo. Cómpre posibilitar o mantemento da viabilidade das explotacións lácteas incentivando os esforzos investidores daqueles produtores que contribuíron ao dimensionamento das súas explotacións mediante a adquisición de cotas lácteas.

As medidas reguladas nesta orde réxense polo réxime establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aínda que acolléndose expresamente ao procedemento de concesión



mediante rateo, conforme o previsto no artigo 19.3º da dita lei.

Pola súa banda, estas axudas outorgaranse ao amparo do disposto no Regulamento (CE) nº 1535/2007, da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis no sector da produción dos produtos agrícolas, quedando condicionadas polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 14º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade.

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar axudas en réxime de concorrencia competitiva polo sistema de rateo, destinadas aos titulares de explotacións de vacún de leite na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. As axudas contempladas nesta orde teñen como finalidade apoiar a viabilidade das explotacións leiteiras nunha situación xeral de custos de produción elevados e prezos de leite baixos.

Artigo 2º.-Beneficiarios e requisitos.

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares de explotacións leiteiras que cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Que sexan titulares dunha explotación con cantidade de referencia para a produción de leite a 31 de marzo de 2009.
 - b) Que estean a realizar entregas de leite na campaña actual, 2009/2010.

c) Non ter sido sancionado polo incumprimento da normativa vixente en materia de calidade do leite cru, nos tres anos anteriores ao 2009.

d) Que, estando acollido a un programa de calidade do leite, non se detectaran incumprimentos sobre o nos controis realizados sobre o terreo, dando lugar á exclusión das axudas do pagamento adicional lácteo 2008.

2. Quedan excluídas destas axudas aquelas explotacións con reiterado incumprimento, durante 5 meses, das exixencias establecidas no capítulo I, sección IX do anexo II do Regulamento 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, de requisitos sanitarios para a produción de leite cru, hixiene das explotacións produtoras de leite e criterios relativos ao leite cru.

3. Cando unha explotación leiteira das previstas no punto anterior pertenza a varias persoas integradas nunha comunidade de bens ou sociedade civil, poderá resultar esta beneficiaria da axuda, coa condición de que cumpra os requisitos exixidos para iso, así como as exixencias previstas para estas agrupacións no artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que deberán facer constar expresamente, segundo o modelo do anexo III desta orde, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberán nomear un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación e non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Tipo de axuda.

1. As axudas establecidas nesta orde consistirán nunha subvención aos titulares de explotacións leiteiras que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2.1º desta orde. Para a determinación do importe unitario, que poderá chegar ata 1 céntimo por quilo, procederase ao rateo do importe global da dispoñibilidade orzamentaria prevista nesta orde entre os quilos de cota dispoñible, a 31 de marzo de 2009, polos solicitantes. O importe unitario resultante por quilo de cota repartirase entre os beneficiarios en función dos quilos de cota dispoñible polo solicitante a 31 de marzo de 2009, cun importe máximo de 7.500 euros.

2. A concesión das axudas realizarase polo procedemento de rateo, conforme o previsto no artigo 19.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Estas axudas outorgaranse ao amparo do disposto no Regulamento (CE) nº 1535/2007, da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis no sector da produción dos produtos agrícolas, quedando condicionadas polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

Artigo 4º.-Contía da axuda.

A Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, analizadas as solicitudes recibidas, establecerá o importe unitario de axuda por quilo de cota dispoñible no 31 de marzo de 2009 conforme o método establecido no punto 1 do artigo 3, e calculará a axuda que corresponda a cada beneficiario.

Para o cálculo da subvención utilizarase a información dispoñible na Consellería do Medio Rural.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. A solicitude de axuda presentárase de acordo co modelo do anexo I e dirixírase ao conselleiro do Medio Rural. Presentaranse preferentemente na Oficial Agraria Comarcal da zona da explotación ou do modo previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A presentación da solicitude comporta o compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas. Así mesmo, leva consigo a autorización ao órgano xestor da axuda de solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ten a posibilidade de denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos no número 3, alínea c) deste artigo.

3. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Certificado da entidade bancaria acreditativo da conta para a domiciliación dos pagamentos, no caso de ser distinta da impresa na presolicitude.

b) No caso de persoas xurídicas, copia do documento de constitución da sociedade e dos estatutos e certificado expedido polo órgano xestor da sociedade en que conste o acordo de solicitar a axuda e a identidade da persoa autorizada para solicitala.

c) No caso de denegar o consentimento a que se refire o número 2 deste artigo, deberá presentar, ademais, a xustificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e o certificado acreditativo de estar ao día das obrigas tributarias coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

d) Declaración de cumprimento de requisitos para obter a condición de beneficiario do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións, de Galicia, e declaración do conxunto de todas as axudas de minimis por calquera concepto concedidas ao solicitante polas distintas administracións públicas competentes, durante o período dos 2 exercicios fiscais anteriores á data de presentación desta solicitude e no exercicio fiscal en curso, segundo o modelo que figura no anexo II.

e) No caso de comunidades de bens e sociedades civís, declaración de porcentaxe de execución de compromisos e de subvención, segundo o modelo que figura no anexo III.

4. De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa se encontre en poder da consellería, sempre que se manteña vixente e se identifique o procedemento administrativo para que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación, ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

5. Se a solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se achegar a documentación exixida, o órgano administrativo encargado da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá o interesado para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 6º.-Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de axuda presentaranse no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 7º.-Tramitación e resolución.

1. O órgano encargado da tramitación dos expedientes é a Dirección Xeral de Produción Agropecuaria. Unha vez comprobados os requisitos do solicitante pola Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, de acordo co previsto no artigo 3º desta orde, elevará a proposta de resolución ao conselleiro en canto que o órgano encargado da resolución das axudas.

2. Na resolución de concesión de axuda farase constar a contía da axuda concedida e indicarse o seu carácter de minimis, de conformidade co Regulamento (CE) nº 1535/2007.

Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

A resolución notificaráselles aos interesados no prazo de dez días a partir da data en que se dite. No suposto previsto no parágrafo segundo do artigo 15º desta orde, dítaranse resolucións complementarias cos incrementos correspondentes.

Artigo 8º.-Notificación, silencio administrativo e recursos.

1. A resolución do conselleiro esgota a vía administrativa. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de tres meses a partir da publicación desta orde. Se transcorrese o citado prazo máximo sen ser ditada resolución expresa polo órgano competente, os interesados poderán entender desestimadas as súa solicitudes, de acordo co establecido na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Contra a resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución. Postestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición ante o conselleiro no prazo dun mes a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común.

Artigo 9º.-Publicación.

1. A resolución publicarase nos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, ex-

presando o beneficiario, a finalidade, a contía e a aplicación orzamentaria, polo que a presentación da solicitude de axuda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios.

2. De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería do Medio Rural publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Artigo 10º.-Xustificación e pagamento da subvención.

Tendo en conta a natureza e fins das axudas reguladas nesta orde, non se precisa de prazo de xustificación da subvención por parte do beneficiario xa que todos os datos necesarios están en poder da administración. O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo solicitante na súa solicitude de axuda.

Artigo 11º.-Modificacións.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á súa revogación, nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O beneficiario queda obrigado a comunicar á Consellería do Medio Rural calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para que foi concedida a axuda. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas de minimis no momento en que sexa comunicada calquera concesión.

Artigo 12º.-Réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades.

O réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades aplicables será o regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 13º.-Control.

1. Os beneficiarios da axuda quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que efectúe a Consellería do Medio Rural para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das axudas acollidas a estas bases.

2. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 14º.-Compatibilidade.

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras que polos mesmos conceptos poidan conceder outras administracións públicas.

Artigo 15º.-Financiamento.

As axudas reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 49.02.712B.772.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de 12.000.000 euros.

A dita cantidade poderá ser incrementada con fondos adicionais procedentes desta ou outras administracións, tendo en conta o disposto no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional

Única.-Nos aspectos non regulados nesta orde, observarase ao disposto na Lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

NOVO

TOUCHDOWN

PREMIUM



System 4
TECHNOLOGY

Herbicida non selectivo
de postemerxencia,
de potente efecto sistémico
que controla todas
as malas herbas
anuais e perennes,
mesmo as máis difíciles.

O herbicida cheo de tecnoloxía

Roedores e Rodenticidas



A orde Rodentia é ampla en número de individuos e tipos, incluíndo una terceira parte de todas as especies de mamíferos existentes.

Só 41 dos 124 xéneros se catalogan como pragas, sendo dous os máis estendidos e abundantes: xénero *Rattus* e xénero *Mus*.

As especies máis importantes destes dous xéneros son:

- **Rato doméstico (*Mus musculus* L.)**, estendido basicamente en zonas rurais e granxas.
- **Rata común (*Rattus norvegicus* L.)**, que vive externa ou interiormente en calquera lugar onde atope alimentos. É a rata de sumidoiros. Non sendo autóctona da península, conta a crónica histórica que penetrou polo Pirineo acompañando as tropas francesas durante a invasión napoleónica e alimentábase cos residuos da campaña.
- **Rata negra (*Rattus rattus* L.)**. Vive xeralmente baixo cuberto e con poboación en franco retroceso a favor da anterior, que chegou a impoñerse e fagocitala.



Rato doméstico



Rata común



Rata negra

NECESIDADES DE CONTROL

Causan os roedores moitos e variados problemas en todo mundo por compartir co ser humano o mesmo medio. Das razóns que xustifican o seu control, as tres principais son:

1. **Comen e destrúen alimentos:** Estima a F.A.O. que os roedores causan perdas dun 5% nas colleitas de todo o mundo, cantidade suficiente para alimentar a 130 millóns de persoas. A estes produtos consumidos hai que engadir máis do dobre de alimentos que contaminan polos prexuízos directos e as nocividades colaterais de ouriños, feces, pelos ou secrecións sebáceas que os fan inservibles.
2. **Propagadores de enfermidades:** Son vehículos e vectores de numerosas enfermidades que afectan ó ser humano: a peste bubónica, leptospirose, triquinose, ou as infeccións de salmonella, todas elas de consecuencias graves ou fatais.
3. **Outros tipos de danos:** Causan ademais a destrución de distintos materiais: roeduras na madeira, tuberías de auga, mercancías almacenadas etc. Nas instalacións eléctricas, os cables roídos orixinan cortocircuitos, incendios e importantes avarías.

MEDIOS DE LOITA

O exterminio absoluto das ratas como especie é practicamente imposible; porén, a aplicación de medidas adecuadas logrará un eficiente control capaz incluso de erradicalas nas zonas asiduamente tratadas.

MÉTODOS FÍSICOS: Empregan técnicas mecánicas para eliminalos: rateiras, trampas ou barreiras contundentes para excluír os animais de certos lugares. Os resultados reais destas accións en redución das poboacións de roedores son francamente inoperantes.

MÉTODOS BIOLÓXICOS: Inclúen a introdución dos seus predadores naturais, enfermidades e parasitos, modificación do hábitat, manipulación xenética ou cultivo de variedades resistentes de cereais e especies hortícolas.


A maioría destas solucións teñen fallos de teoría ou posta en práctica.

MÉTODOS QUÍMICOS: Tense comprobado que o método máis efectivo para control de roedores é o uso de rodenticidas clasificándose estes en:

a. **Agudos ou de acción rápida:** Envenenamento inmediato, facendo necesarias medidas extremadas de manipulación e risco manifesto para outras especies incluído o ser humano. O máis importante desta categoría é o fosforo de zinc.

b. **Crónicos:** Actúan lentamente despois de varias doses. Funcionan como anti-coagulantes xerando hemorraxias internas. Non supoñen risco para animais domésticos polo pequeno nivel de dose letal a que funcionan co roedor.

Destacan como materias activas a warfarina, difenacoum ou bromadiolona, sendo a máis avanzada e moderna o brodifacoum, principio activo de **Súper Klerat**.



Super KLERAT

RATICIDA PARA
ROEDORES COMENSAIS

PELLETS

¡Un só bocado basta!



UNHA SOLUÇÃO DE FÁBULA
PARA O CONTROL
DE RATAS E RATOS

syngenta.

Enderezos das nosas distribuidoras principais

PARA GALICIA - ASTURIAS

AGRO-REZA, S.L.
(Ourense-Oeste)
agro-reza@mundo-r.com

R /Reza nº 12 (Galerías Roma)
32003 - OURENSE
Telf. e Fax: 988 222834 - 988 227553

AGROVAL S.L.
(Pontevedra - Sur)
agroval.po@terra.es

As Gándaras de Prado s/n
(Fronte Campo de Fútbol de Budiño)
36475 - O PORRIÑO - Budiño
Telf. e Fax: 986 346765 - 986 346766

ALMACENES ROYAL S.L.
(A Coruña-Norte)
aroyal@infonegocio.com

R/ Fraga Iribarne nº 48
15300 - BETANZOS
Telf.: 981 772714 Fax: 981 772600
Móbil: 639 603754

ASAGRO, SERVICIOS AGRÍCOLAS, S.L.
(Asturias - Leste. Cantabria)
asagro@fade.es

Polígono Silvota, parcela R 45
33192 - LLANERA (Asturias)
Telf.: 985 265898 Fax: 985 250764
Móbil: 608 473131

**CAMPONOVO PROTECCIÓN
DE CULTIVOS S.L.**
(A Coruña-Sur)
p.cultivos@camponovo.es

Polígono industrial Novo Milladoiro
Rúa das Palmeiras, 57 - A2 15895 - AMES (A Coruña)
Telf.: 981 535420 Fax: 981 535422
Móbil: 606 990537

FITOAGRARIA S.L.
(Ourense - A Limia, Monterrei)
fitoagraria@xanelas.com

R/ Dous de Maio nº 57
32630 - XINZO DE LIMIA
Telf. e Fax: 988 462560

HORTA LEMOS
(Lugo - Centro/Sur)
hortagal@teleline.es

Ctra. N-540 - Km 4,6
27210 - Santa Eulalia de Esperante
Telf. e Fax: 982 24 60 19 Móbil: 696 902575

PEREZCASTRO HNOS. S.L.
(Pontevedra - Norte)
comercial@perezcastrohnos.com

R/ Fermín Mosquera nº 12
36650 - CALDAS DE REIS
Telf. 986 540426 - 986 530200 Fax: 986 530103

XARDINAGRO S.L.
(Lugo - Norte. Asturias-Oeste)
xardinagro@ctv.es

R/ Linares Rivas nº 4
27760 - VILANOVA DE LOURENZÁ
Telf. e Fax: 982 121002
Almacén Telf. 982 121613

Enderezos de SYNGENTA AGRO:

No PORRIÑO: A Relva s/n 36400 - O PORRIÑO (Pontevedra) Telf.: 986 330300 - 986 331004 Fax: 986 335855
En MADRID: C/ Ribera del Loira nº 8-10, 3ª Planta; 28042 MADRID Telf.: 91 3876410 (Centralíña); Fax: 91 7210081

Os contidos desta publicación son propiedade de Syngenta Agro. Prohibese a súa reprodución total ou parcial, por calquera medio, sen a autorización previa e por escrito de Syngenta Agro.




Camix

protege a túa
colleita
coida o seu futuro


syngenta



2010

Calendario do Ano

Xaneiro							Febreiro							Marzo						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3		1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	8	9	10	11	12	13	14
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	15	16	17	18	19	20	21
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	22	23	24	25	26	27	28
25	26	27	28	29	30	31								29	30	31				

Abril							Maio							San Xoán						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4						1	2	1	2	3	4	5	6	
5	6	7	8	9	10	11	3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13
12	13	14	15	16	17	18	10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20
19	20	21	22	23	24	25	17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27
26	27	28	29	30			24 ^{/31}	25	26	27	28	29	30	28	29	30				

Santiago							Agosto							Setembro							
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	
			1	2	3	4							1				1	2	3	4	5
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12	
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19	
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26	
26	27	28	29	30	31		23 ^{/30}	24 ^{/31}	25	26	27	28	29	27	28	29	30				

Outubro							Novembro							Decembro							
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	
			1	2	3		1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4	5
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12	
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19	
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26	
25	26	27	28	29	30	31	29	30						27	28	29	30	31			

Subvencionado pola

■ Festa Nacional ■ Festa Autonómica



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

syngenta